

LEITE. Nova destrución da cadea de valor por parte das industrias ▶ 13

TG. Presentamos recurso de alzada contra as modificacións do prego de condicións da IXP ▶ 12



#17ABRIL
DÍA INTERNACIONAL
DAS LOITAS LABREGAS
La Vía Campesina ▶ 28

DEPREDACIÓN ENERXÉTICA (PONTEVEDRA)
O SLG-CCLL, unha das máis de 100 organizacións que apoiou a V manifestación “O pobo galego unido contra depredación enerxética” (28 abril, Pontevedra) ▶ 18 - 19



Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIV - N° 347 - Abril - Maio - 2024

ALTRI NON



A macrocelulosa Gama de Altri e Greenalia destruíría milleiros de postos de traballo relacionados coa produción alimentaria ▶ 3 - 6

O domingo 26 de maio, o Sindicato Labrego Galego (SLG), canda máis de 20.000 persoas, acudimos a Palas de Rei (Lugo) para amosarmos a nosa oposición á macrocelulosa Gama de Altri e Greenalia

séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



EDITORIAL

Mal empezamos: A conselleira non ten tempo para tratar os problemas do sector agrario

Anova conselleira do Medio Rural, María José Gómez, de formación licenciada en inglés, tomou posesión do cargo o día 15 de abril de 2024. Nestes case dous meses estiveron producíndose feitos dunha importante transcendencia para o sector agrario e gandeiro galego.

Por poñer só algúns exemplos: diferentes ganderías recibían as ameazas de industrias lácteas de non recollerlles o leite, viticultoras e viticultores da Ribeira Sacra tiveron o anuncio de que por primeira vez non ían ter quen lles comprase a uva por estaren varias adegas cheas de viño da anterior colleita, o goberno galego publicitou unha axuda para os produtores e as produtoras de Ternera Galega Suprema na que finalmente se vai cobrar por moitos menos animais dos que había posibilidade, e nas últimas semanas houbo problemas coa saída dos animais de carne para o matadoiro, cos prezos do leite máis baixos do estado a industria láctea volve a anunciar novas rebaixas de prezos, nunca se cobraron tan tarde as axudas da Política Agraria Común...

Dende o Sindicato Labrego Galego, en canto pasaron os primeiros días de cortesía, pedímoslle unha entrevista á señora conselleira e chamamos practicamente semanalmente para tratar este e outros temas importantes para o sector. A resposta sempre foi a mesma: a señora conselleira ten unha axenda completa e xa chamarían.

Neste intervalo houbo, por exemplo, o Foro de Gandería Extensiva organizado polo Ministerio en Toledo, no que se trataron moitos temas fundamentais para o sector como, por exemplo, as novas esixencias burocráticas, o tema do veterinario de explotación, temas de saneamento gandeiro, as novas esixencias nas construcións, a esixencia do plan de benestar, do plan de fer-

tilización... Nesta reunión, na que participou a Secretaría Xeral do Sindicato Labrego Galego, estaban presentes representantes de todas as comunidades autónomas, a excepción da Xunta de Galicia. Da Consellaría do Medio Rural galega non había ninguén.

Segundo o Ministerio, as Consellarías van ter un importante papel na flexibilidade das medidas que se van aplicar en cada territorio, así como noutros temas como, por exemplo, os protocolos que se van aplicar en cuestións como os positivos no saneamento gandeiro, coa posibilidade de determinar as medidas ou as probas diagnósticas en función do risco e da situación case granxa a granxa.

“A conselleira tivo tempo na súa axenda para estar na Feira do Viño do Ribeiro, na Mostra de Viños de Pantón, na Festa do Cordeiro de Larouco, na Festa das Quendas de Mondoñedo, na Festa das Carrozas de San Cidre, entre outros moitos eventos, pero alguén debería atender os problemas do sector”

Este é outro tema no que non nos consta cal vai ser a actuación da Consellaría do Medio Rural galega ou se directamente, non van aplicar ningunha flexibilidade das que estarían na súa man e tentar culpar simplemente ao Ministerio para sacar réditos políticos.

Con respecto ao tema das ameazas de non recoller a uva na Ribeira Sacra, non sabemos se a Consellaría ten garantías de que a destilación de crise que piden vaia ser au-

torizada por Europa e polo Ministerio, e menos se van poñer fondos propios para que o sector non teña que soportar estas perdas e tampouco se van esixir que, como contrapartida, se garanta a recollida de toda uva e os prezos.

Xa vimos que a conselleira tivo tempo na súa axenda para estar na Feira do Viño do Ribeiro, na Mostra de Viños de Pantón, na Festa do Cordeiro de Larouco, na Festa das Quendas de Mondoñedo, na Festa das Carrozas de San Cidre, entre outros moitos eventos, pero alguén debería atender os problemas do sector.

Outro veterinario máis para cargar os animais

Neste momento estanse a debater importantes cambios nas normas de benestar animal no transporte, como o feito de que con temperaturas de máis de 30 graos só se poida transportar os animais de noite, que a carga de animais debe ser supervisada por un veterinario, o coidador dos animais no lugar de carga debe asegurarse de que os animais presentados son aptos para o transporte, hai que aumentar o espazo dispoñíbel para os distintos animais, co cal haberá que realizar importantes modificacións nos habitáculos no transporte ou senón mesmo poderían incrementarse as caídas e lesións, a duración máxima do traslado de animais destinados a sacrificio será de 9 horas, intensificarase o uso de ferramentas dixitais para facilitar a vixilancia no cumprimento das normas...

Todo isto traerá novos custos e algunhas esixencias case imposíbeis de cumprir. E que ten que dicir a Consellaría nisto? Ou que están a facer ao respecto? De momento, nada, como no resto da maioría dos temas.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Belén Fervenza e Mariano Pazos Currais

PECHE DE EDICIÓN 6-6-2024

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMONS Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

ALTRI ▶ A multitudinaria manifestación do 26 de maio demostra a oposición do pobo galego á instalación dunha fábrica de celulosa en Palas de Rei (Lugo)

A macrocelulosa de Altri-Greenalia destruiría milleiros de postos de traballo relacionados coa produción alimentaria



Labregas do SLG acudiron á manifestación en Palas de Rei o 26 de maio. No centro, Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG.

O pasado domingo 26 de maio, o Sindicato Labrego Galego, canda máis de 20.000 persoas, acudimos a Palas de Rei para amosarmos a nosa oposición á macrocelulosa de Altri e Greenalia. Dende a organización criticamos publicamente o argumento da creación de postos de traballo esgrimida pola Xunta de Galicia para xustificar ante a opinión pública o seu apoio á macrocelulosa proxectada polas empresas Altri e Greenalia en Palas de Rei, como se esta ocupación dunha superficie directa de 366 hectáreas para a súa industrialización e acaparamento forestal, o gasto de 46 millóns de litros de auga diarios ou a choiva ácida foran ter lugar nunha zona deserta onde non hai ningún tipo de actividade.

Alén da calidade de vida e da saúde da poboación en xeral, de ser construída esta fábrica a afectación máis importante recaerá sobre as actividades que

están ligadas á terra, principalmente na agricultura e a gandería. A día de hoxe, na contorna de 30km de afectación mínima desta industria hai máis de 5.000 granxas produtoras de alimentos.

De feito, precisamente nos catro concellos principalmente afectados temos unha importante produción agraria, sumando un total de 758 granxas con distintas orientacións produtivas. Os concellos de Palas, Melide, Santiso e Agolada teñen 258 granxas que producen 82.193.664 litros de leite/ano, por poñer un exemplo.

Datos específicos

Podemos observar a súa correspondencia na significativa porcentaxe de persoas afiliadas á seguridade social agraria respecto do total en Palas de Rei (24,85%), Santiso (29,87%) e Agolada (21,83%). Estes tres concellos e Melide suman un total de case mil altas na segu-

ridade social agraria (989), ao que habería que engadir os centos de empregos indirectos, tales como os servizos veterinarios, os talleres de reparación específica, as tendas especializadas, etc.

Se ilustramos estes datos, vemos ademais unha marcada presenza de produción alimentaria de calidade destacada, acollendo 23 proxectos ecolóxicos, algúns deles referencia para toda Galiza. Melide é ademais a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Arzúa Ulloa. Entre os catro concellos suman un total de 4 queixarías acollidas a esta DOP, o que significa que un número elevado de ganderías de leite destes concellos e dos límites están tamén na DOP Arzúa Ulloa. A Denominación de Orixe Protexida Queixo de Tetilla tamén ten nestes catro concellos dúas queixarías rexistradas na DOP.

Instamos á Xunta a pór en marcha un modelo forestal acorde ás demandas da sociedade galega, non aos intereses privados

Respecto da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, dos 82 envasadores rexistrados que hai no noso territorio, 10 deles están nos concellos de Lalín, Vila de Cruces, Chantada, Taboada e Arzúa, todos na contorna próxima do proxecto. Sitúase tamén a cooperativa Erica Mel que conta con máis de 250 socios e é un importante actor no sector do mel na Galiza.

Outra cuestión que afectaría aos postos de traballo xa existentes nos concellos afectados por este proxecto, condicionando moi negativamente a posibilidade de incrementala produción de alimentos, é o agravamento da problemática da carencia de Superficie Agraria Útil: Galiza é o territorio con menor SAU de todo o Estado, só un 21%, fronte á media estatal do 45,8%. Os concellos ameazados por Altri-Greenalia están xa a día de hoxe particularmente afectados pola diminución de Superficie Agraria Útil, posto que o destino dunha alta porcentaxe das terras é a forestación, principalmente con eucaliptos, cuxo monocultivo veríase intensificado de ser instalada esta macrocelulosa.

Na Agolada a porcentaxe de superficie forestal é xa maioritaria (68,11%), presentando, polo tanto o menor número de has. como superficies de cultivo e prado (25,88%) dos catro concellos.



Santiso ten un 44,28% de superficie forestal total e un 38,24% de superficies de cultivo e prado. Melide ten un 45% de superficie forestal total e un 41,85% de superficies de cultivo e prado.

Lonxe de establecer mecanismos para reverter esta situación de perda de SAU no noso territorio, é alarmante que a Xunta de Galicia estea a valorar a aprobación dunha macrocelulosa que incrementaría o número de novas plantacións de eucalipto, aumentando a perda de superficie agraria útil, a perda de biodiversidade dos bosques e o cambio de modelo produtivo no ámbito forestal, o risco de sobreexplotación para os acuíferos e zonas húmidas e agravaría o risco de incendios forestais.

Por outra banda, hai concellos como o de Santiso e Agolada que teñen a maior parte da superficie agraria concentrada -no caso de Santiso practicamente o 100% e en Agolada máis do 50%-, nos que se leva invertido moito diñeiro público en levar adiante a reorganización da propiedade para viabilizar as granxas agrogandeiras, ademais dos plans de mellora e incorporacións.

“Ese investimento perderíase ao vérense afectadas as condicións para a produción de alimentos nos concellos afectados -advirte Margarida Prieto-. E a maiores temos casos como o de Santiso, polo que atravesarían parte das infraestruturas da macrocelulosa. A captación dende o encoro ao longo de fincas de concentración faríaa na súa maior parte inservíbeis nas parroquias de Santa Mara de Barazón (608 ha) e Arcediago -Rairiz (754 ha), e a liña eléctrica de subministro iría pola concentración Monte Grande de Vímianzo.”

ALTRImente contaminante

Estes milleiros de postos de traballo vinculados á produción de alimentos en base a granxas de carácter familiar, están vinculados á realización de activi-

dades que procuran unha sustentabilidade medioambiental, un modelo diametralmente oposto ao vertido diario de 30 millóns de litros de auga con substancias químicas ou a contaminación medioambiental nun radio de polo menos 40km que carrexaría o complexo industrial de Altri-Greenalia. De feito, as persoas que traballan nestas granxas, nestes servizos de atención ás mesmas, etc, viven na contorna onde desenvolven a súa actividade profesional, sendo actores esenciais do mantemento dun medio rural vivo e saudábel.

Que unha administración pública como a Xunta de Galicia dea o seu apoio a instalar unha macrocelulosa contaminante nunha contorna na que existe unha importante actividade de produción de alimentos, e na que ademais xa hai un grave problema de carencia de terras por mor da forestación intensiva é un claro exemplo de como unha institución se pon a traballar para os intereses privados dunha empresa pasando por riba dos dereitos da cidadanía.

Dende o Sindicato labrego temos claro, como tivemos sempre dende hai 50 anos, que a defensa da terra pasa por impedir que se leven adiante este de este tipo de proxectos e preservar a nosa base territorial para a produción de alimentos para a cidadanía, dotando as nosas granxas de base territorial suficiente para ter un modelo agroecolóxico e acadar a soberanía alimentaria.

Tamén sabemos que cando a cidadanía se activa, informa e loita organizada, somos capaces de parar estes monstros que ameazan con destruír o noso territorio, as loitas contra as minas de Corcoesto, Touro ou a Terra Chá, así como a batalla que estamos a dar contra a invasión eólica son boa mostra desta nosa forza. Por todo isto:

ALTRI NON!

Non queremos unha macrocelulosa para disimular a problemática dos macrocultivos de eucaliptos, queremos recuperar o noso monte

A instancias do SLG e outras organizacións sociais, o 23 de maio foi incluída na orde do día un punto de debate sobre o proxecto GAMA. Representantes da empresa tamén acudiron ao Consello Forestal a presentar o proxecto.

O coordinador da área de montes do SLG, Diego Sánchez Agra, chamou a atención o 23 de maio na súa intervención sobre o irracional e irresponsábel que é o argumento da Xunta de Galicia, en convivencia coas citadas empresas, de instalar unha macro-fábrica de celulosa como un xeito de xestionar á grave problemática que temos coas macro-extensións de eucaliptos.

“Cando algo se fai mal o que hai que facer é corrixilo, non disimulalo nunha carreira suicida cara a adiante. Na Galiza temos unha clara problemática de sobreocupación e produción de eucalipto, recoñecida tanto pola Administración pública como percibido por unha inmensa maioría da sociedade. De feito, é tanto así que a día de hoxe a Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galiza prohibe as novas plantacións desta especie até finais do ano 2025.

Para o Sindicato Labrego Galego é verdadeiramente alarmante que a Xunta de Galicia afirme que quere abordar esta situación a través instalación dunha planta contaminante de transformación primaria, de escaso valor engadido para a exportación e que o único que vai facer é seguir afondando na xamermadísima superficie agraria útil galega (a menor de todo o Estado), empeorar a perda de biodiversidade e especies autóctonas nos nosos montes e acrecentar o perigo de vagas de lumes para a poboación que vivimos no medio rural, e aínda

por riba acaparando 250 millóns de cartos públicos”, explicou Diego Sánchez.

A actual estrutura do monte no noso país está sostida nunha ilegalidade continuada e consentida pola Xunta de Galicia, que maltrata e despraza ás persoas que viven no territorio e pretenden sacar do monte outras cousas e non son absentistas. Por iso solicitamos á Administración pública que tome verdadeira consciencia desta problemática e deixe de enviar mensaxes de fomento do eucalipto ás persoas produtoras. Ademais, é obvio que as limitacións son absolutamente laxas, de cara á galería: a día de hoxe xa se superaron as previ-



sións de plantacións de eucalipto que figuraban inicialmente no Plan Forestal de Galicia para o ano 2030, e son sorprendentemente escasas as medidas de control de plantacións ilegais.

O SLG solicitou tamén que sexan aportados datos oficiais da cantidade de extensión de eucaliptos que están en terreo de cultivo e pasteiros, así como

delimitar aquela que substitúe a outras masas forestais. Insistimos tamén en denunciar que a Administración non está a actuar de oficio nin facendo seguimento das plantacións ilegais, é máis, cando o Sindicato Labrego Galego ten interposto denuncias inténtasenos disuadir argumentando que non somos parte interesada.

Solicitamos que sexa trasladado ao COGAMADS o informe realizado pola Consellaría do Medio Rural sobre as implicacións da macrocelulosa

Aceptando a solicitude do SLG e a Confederación Intersindical Galega (CIG) o proxecto de macrocelulosa GAMA foi debatido durante o pleno do 31 de maio do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS). O vogal do SLG, Diego Sánchez Agra, fixo mención á importante manifestación na que o pasado domingo participaron arredor de 20.000 persoas en Palas de Rei, “unha mostra clara de que este proxecto é obxecto dunha patente preocupación social, que canto menos debería activar a implicación da Administración a fin de protexer os dereitos e intereses da cidadanía galega”.

Un dos principais obxectivos deste consello é “conducir a sociedade pola senda do desenvolvemento sostíbel, adquirindo no seu seo un compromiso coa sociedade galega de hoxe e de mañá”, lembrou, “pedimos polo tanto que cumpra proactivamente coas súas responsabilidades como órgano consultivo da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicitando que sexa trasladado a este Consello o informe de dita Consellaría relativo ás implicacións da instalación de Altri, a fin de que podamos afondar nos impactos que a instalación desta fábrica na comarca da Ulloa tería sobre os recursos hídricos e o patrimonio natural e cultural, así como as súas consecuencias nas

numerosas granxas da contorna afectada”.

A empresa afirma que a macrocelulosa consumiría 1,2 millóns de m3 de madeira de eucalipto nun radio de 60 km, agravando a problemática de sobreplantacións de eucalipto existente na Galiza e entrando en contradición coa moratoria introducida na Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria, na que se prohiben as novas plantacións desta especie ata finais do ano 2025.

“Implicaría a destrución da paisaxe, polo tanto posíbeis vulneracións da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, e un cambio no modelo produtivo que se concretaría na eliminación de frondosas e piñeirais e nun agravamento da perda de Superficie Agraria Útil (SAU) -na Galiza un 21% fronte ao 45,8% da media estatal- nun momento de dificultade de acceso á terra nas granxas, especialmente para aquelas persoas mozas que se queren incorporar á actividade agraria”, advertiu o vogal. A forestación intensiva a base desta especie pirófila implicará loxicamente un maior risco de incendios, co conseguinte risco para a poboación. Outro prexuízo salientábel sería a caída na fixación de CO2, ao basear a produción forestal na corta de especies de ciclo curto e facer unha devolución de dióxido de carbono á atmosfera no proceso de fabricación.

EN QUE CONSISTE O PROXECTO GAMA DE ALTRI E GREENALIA?



Unha xigantesca fábrica de celulosa que Greenfiber SL quere construír en **Palas de Rei** (Lugo)

8.754 KG DIARIOS DE SUBSTANCIAS QUE ALTRI EMITIRÁ AO AR



PRETENDE OBTEN 250 MILLÓNS DE DIÑEIRO PÚBLICO

Ocuparía 360 hectáreas, o que implicaría o desprazamento de **1.377.000 m3 de terra**

Só a súa liña eléctrica xa afectaría a 834 predios e as servidumes de tubaxes a 512 máis. Captaría **46 millóns de litros de auga ao día**, a cambio devolvería ao río Ulla **30 millóns de litros de auga contaminada**



PRODUCIRÍA 400.000T DE CELULOSA SOLUBLE, PARA O QUE PRECISA 1,2 MILLÓNS DE TONELADAS DE MADEIRA DE EUCALIPTO AO ANO, O QUE OCUPARÍAN 60.000HA CON ESTE MONOCULTIVO

Afecta a unha zona de importante valor ambiental (Serra do Careón), con **especies endémicas exclusivas a nivel mundial en perigo de extinción**, sendo unha zona limítrofe coa **Rede Natura**

Na contorna de 30km de afectación mínima desta industria **hai máis de 5.000 granxas produtoras de alimentos**, así como producións de calidade diferenciada como as albergadas na **Denominación de Orixe Protexida (DOP) Queixo Arzúa-Ulloa**, a **DOP Queixo de Tetilla**, na **Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia**, na **IXP de Carne de Vacún de Galicia** e para as **produtoras ecolóxicas e agroecolóxicas**



VACÚN DE CARNE ▶ Varias gandeiras e gandeiros de vacún de carne advirten demoras de até oito días en levarlles os xatos aos matadoiros

Por que se está a minorar a cadea de distribución de vacún de carne na Galiza?

Pedimos á Consellaría de Medio Rural que aclare se se están a pór en circulación xatos conxelados e explique o motivo

Nas últimas semanas de abril varias gandarías reportaron ao Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) problemas na cadea de distribución de vacún de carne. Concretamente estanse a producir demoras na recollida dos xatos nas granxas para o seu traslado aos matadoiros, en ocasións de até máis dunha semana.

Con esta situación, preocupadas pola posibilidade dun funcionamento deficiente da cadea, son varias as posibilidades que están a barallar as gandarías, sen que a Consellaría do Medio Rural (CMR) estea a aportar información que concrete estas circunstancias.

Dende o SLG solicitamos á CMR que aclare se estes atrasos efectivamente se deben a que os matadoiros están saturados e acumulan demoras de días e, de ser así, cal é o motivo desta saturación. Tamén hai rumores de que, ante a imposibilidade de fornecer carne fresca abondo ao mercado, estanse a pór en circulación xatos conxelados, polo que consideramos que cómpre que a CMR se pronuncie sobre a realidade desta hipótese canto antes.

As gandeiras e os gandeiros sinalan tamén que, de non ser atallada con celeridade, en poucas semanas esta problemática vaise agravar. Até o 31 de xuño



Vacas da granxa de María Osorio, moza gandeira do concello de Becerreá (Lugo), na comarca dos Ancares.

pode haber liberdade de movementos de animais, pero a partir desa data será preciso que as reses teñan administrada a vacina da lingua azul. Con todo, moitas zonas están aínda sen vacinar -e nas zonas vacinadas está a haber unha alta incidencia de efectos secundarios-, o que pode repercutir en que máis gando do habitual sexa levado a matadoiro ante as posibles dificultades para movelo a partires do 31.

Canda a incerteza de non saber cando van ser recollidos os animais para o seu traslado aos matadoiros, no sector tamén medra a inseguridade con respecto á axuda de 200€ anunciada pola Consellaría para aqueles xatos marcados co selo nos matadoiros da IXP Vacún de Galicia, xa que polo de agora non temos constancia de que

fora percibida por ningunha granxa.

Cómpre lembrar tamén que, xa no momento no que foi dada a coñecer, dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas advertimos de que esta medida podía dar lugar a unha discriminación das granxas que fan venda directa ou circuitos curtos de comercialización, e que polo tanto non necesariamente empregan os matadoiros con selo da IXP, podendo este agravio comparativo provocar o aumento de granxas que decidan sacrificar nos matadoiros da IXP.

Pedimos polo tanto á Consellaría que se pronuncie o antes posíbel para concretar cales están sendo os motivos da minorización da cadea de distribución do vacún de carne e pór solucións; aclarar en que me-

dida a campaña de vacinación da lingua azul pode afectar a estas dinámicas comerciais e indicar en que data contempla abonar as axudas de 200 euros por xato sacrificado nos matadoiros da IXP anunciada a finais do ano 2023.

Solicitamos á CMR que aclare se estes atrasos efectivamente se deben a que os matadoiros están saturados e acumulan demoras de días e, de ser así, cal é o motivo desta saturación

SANEAMENTO ▶ Concentracións en Ourense e Compostela polo plan de saneamento, contra o sacrificio obrigatorio de animais e as indemnizacións de miseria da CMR

O Conselleiro do Medio Rural négase a responder ás solicitudes de xuntanza para falar sobre a tuberculose bovina na Galiza

Ao contrario do que trasladou a través dos medios, a Consellaría non accedeu a reunirse ca granxa de Manzaneda afectada

O 26 de marzo arredor de cento cincuenta gandeiras e gandeiros do SLG concentráronse diante da Delegación da Xunta de Galicia en Ourense para manifestar o seu apoio á granxa de Manzaneda á que a administración galega obrigou a sacrificar a comezos de marzo máis de corenta animais sans, así como para protestar fronte ao sacrificio obrigatorio de centos de animais e as indemnizacións de miseria vinculadas á declaración de Zona de Prevalencia 0 de tuberculose bovina no territorio galego.

Finalmente os gandeiros afectados e o representante do Sindicato Labrego Galego na comarca, Xosé Manuel Parente, foron recibidos pola secretaria do Subdelegado da Xunta de Galicia en Ourense. Esta persoa comprometeuse a trasladar as nosas reivindicacións a Compostela a fin de facilitar unha xuntanza. Pola nosa banda solicitamos unha reunión co Subdirector Xeral de Gandería e o Conselleiro do Medio Rural.

Dado que o Conselleiro do Medio Rural, José González Vázquez, non quixo sentar a falar co Sindicato Labrego nin responder ás solicitudes de entrevista para abordar a problemática do baleirado sanitario das granxas galegas, na mañá do 10 de abril concentrámonos diante da Consellaría do Medio Rural (CMR) en Santiago de Compostela baixo o lema "Polo plan de saneamento fronte á tuberculose bovina e contra o sacrificio obrigatorio de animais sans e as indemnizacións de miseria".

De Ourense até Compostela

Dende a mobilización en Compostela, a Secretaria Xeral do SLG, a tamén gandeira Isabel Vilalba Seivane, reiterou o apoio á granxa de Manzaneda á que obrigaron a sacrificar todos os seus animais no mes de marzo, e subliñou que a tal hora non houbera ningún tipo de reunión por parte da Consellaría cos gandeiros afectados: "nin se-



Gandeiras e gandeiros do SLG concentráronse na delegación da Xunta de Galicia en Ourense o 26 de marzo.

quera se reuniron coa granxa de Manzaneda para indicarlle que dereitos económicos ten ou incluso cal é o procedemento para esta granxa para a entrada ou saída de animais, pese a que o conselleiro dixo que Jorge Mourelo, subdirector xeral, si que ía a falar con eles; entón, isto non se deu e segue sen darse".

Na mesma liña, Xosé Manuel Parente (SLG Ourense), lamentou a negligencia de responsabilidades na que está enrocada a Consellaría malia á crecente preocupación no agro galego: "O triste é que parece ser que imos seguir sen resposta porque non se quere reunir co Sindicato Labrego. O único que fai é intercambiar notas de prensa nos periódicos. É lamentábel que ante esta situación na que están aparecendo casos de positividade e se fan baleiros sanitarios ningún da Administración sexa capaz de sentar a falar cos titulares das granxas que están vendo como as súas vidas están rompendo".

Tuberculose bovina na Galiza

A Secretaria Xeral do SLG-CCLL incidiu en que a catalogación prevalencia 0 de tuberculose bovina na Galiza declarada dende o ano 2022 -malia estar constatada cientificamente a súa presenza en reservorios de fauna salvaxes- está a carrexar graves consecuencias para as granxas do noso país: "a primeira é matar animais sans, moitos animais sans, o cal non vai levar a ningunha situación de erradicación da enfermidade nin

de un mellor control. A outra cuestión é que as indemnizacións son totalmente insuficientes para que estas granxas continúen, é dicir, significa para moitas pechar dun día para outro".

Vilalba tamén chamou a atención sobre o contraditorio desta medida: "mentres tanto, ás granxas ca mesma situación pero en territorios con prevalencia superior só se lles sacrifican os animais positivos. É dicir, podemos chegar ao caso de que nunha granxa galega á que lle acaben de matar todos os animais entre gando novo doutra na que tamén se detectou un positivo, pero nun territorio con prevalencia superior. É totalmente absurdo e discriminatorio para Galiza. Querémoslle preguntar ao conselleiro se nunha desas granxas que lle gusta a el visitar, de 400 ou 500 animais, se cando apareza o primeiro positivo van matalas todas tamén ou se so esta cuestión lle parece ben cando son granxas máis pequenas".

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas esiximos ao Conselleiro José González Vázquez que deixe de mirar cara a outro lado e faga o seu traballo, cumprindo coa responsabilidade de establecer dun diálogo directo inmediato co sector para abordar a gravidade do escenario actual. "Volveremos aquí a Santiago e iremos onde faga falta, apoiando ás gandeiras e aos gandeiros galegos e demandando que se cambie o actual modelo de saneamento gandeiro. Conselleiro: máis sanear e menos matar", conclúe Xosé Manuel Parente.

É urxente analizar a prevalencia 0 da tuberculose na Galiza: solicitamos entrevista co Delegado do Goberno



Labregas e labregos do SLG concentradas o 10 de abril diante dos Edifícios da Xunta de Galicia, Compostela.

Ante a inexplicábel negativa da Consellaría do Medio Rural a reunirse co Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas para abordar a grave problemática do baleirado sanitario das granxas galegas, apelamos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación solicitando unha xuntanza co Delegado do Goberno na Galiza, Pedro Blanco Lobeiras.

Se ben, como vimos insistindo dende o pasado mes de marzo, está na man da Consellaría do Medio Rural cuestións fundamentais para abordar esta situación, tales como a realización anual do saneamento gandeiro ou a capacidade de ampliar as subvencións para paliar o sacrificio de gando, dado que o conselleiro José González Vázquez oponse a falar co SLG da tuberculose bovina na Galiza, e nin tan sequera traslada as demandas das gandeiras ao Ministerio nos espazos de interlocución directa dos que dispoñen a través mesas de traballo territoriais, exporemos nós mesmas esta problemática ao Goberno do Estado.

PNETB

Xa que o Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina (PNETB) e os protocolos de actuación asociados ao mesmo dependen do Ministerio de Agricultura, a Secretaria Xeral do SLG-CCLL, a gandeira e produtora de fabas de Lourenzá Isabel Vilalba, solicitou esta xuntanza a fin de analizar o marco no que se están a desenvolver as medidas asociadas á declaración de prevalencia 0 na Galiza.

Na mesma queremos abordar a posibilidade de recuperar o saneamento anual para a cabana gandeira que coa desculpa da prevalencia 0 a Consellaría do Medio Rural está

adiando até en tres anos, así como a definición de protocolos que subsanen a contradición de que en territorios coma o noso se estean a practicar sacrificios masivos de animais sans sen realizar probas de confirmación da enfermidade cando existe un positivo na granxa, mentres que en comunidades autónomas limítrofes, onde a prevalencia é maior, só se eliminan os animais contaxiados. Asemade, consideramos moi importante revisar os actuais criterios de valoración da compensación económica no caso de ter que realizar o sacrificio dos animais.

“Logo do caso da granxa de Palleirós e doutros similares, estamos xa nun punto no que comezamos a preguntarnos se a declaración de zona libre de tuberculose non será un pouco ficticia, estando demostrada a existencia da enfermidade en poboacións da fauna salvaxe e existindo un trasvase de animais a Galiza dende outras zonas do territorio estatal con maior afección de tuberculose”, expresou Isabel Vilalba.

“A única beneficiada coa catalogación de prevalencia 0 é a Xunta de Galicia, que así ten desculpa para facer o saneamento gan-

deiro cada tres anos en lugar de anualmente, obviando que se algo nos levou a este punto foi precisamente o bo facer das granxas e o control continuado da cabana gandeira. É intolerábel que a prevalencia 0 sexa utilizada pola Consellaría do Medio Rural para forzar un adiamento das campañas de saneamento e, polo tanto, do control minucioso e precoz da cabana gandeira, pero logo cando hai un positivo maten todos os animais que hai na granxa. Pensamos que hai bastante marxe para facer as cousas mellor, o conselleiro debería facer un exercicio de reflexión e pór fin á negativa da Consellaría a falar do tema, actitude que ademais é absolutamente improcedente nunha administración pública, que precisamente está para atender á cidadanía en xeral e ás organizacións interlocutoras dos distintos sectores en particular”.

Tamén trasladaremos ao Delegado do Goberno na Galiza a batería de medidas decididas en asemblea en Palleirós o 15 de marzo, xa que consideramos que sería unha moi eficaz folla de ruta para superar as inxustas incongruencias da situación actual, redundando nunha mellora do saneamento gandeiro no noso país e acougando a crecente preocupación nas granxas galegas ante novos baleirados sanitarios e posíbeis peches de granxas.

Para finalizar, cómpre resaltar que neste baleirado sanitario obrigatorio as gandeiras teñen que asumir as perdas económicas, debido a que a Xunta mira cara a outro lado o non actualiza os baremos de reposición dos animais e do lucro cesante, que no caso de vacas de carne hai que agardar dous anos para ter as primeiras vendas, o que supón terríbeis consecuencias de perda do dereito que estamos a ter as labregas, xa que tamén existen afeccións nas axudas da PAC que teñan en conta a carga gandeira.



Labregas e labregos berrando: MÁIS SANEAR E MENOS MATAR! AS PERSOAS LABREGAS ESIXIMOS RESPECTO!!

GANDARÍA EXTENSIVA ▶ Isabel Vilalba participou no encontro de interlocución directa co sector convocado polo Ministerio de Agricultura en Toledo en maio

Valoramos as medidas anunciadas polo Ministerio durante o Foro de diálogo da Gandería Extensiva pero demandamos máis concreción

Consideramos preocupante que o sector produtor galego non contase con representación da CMR neste espazo de traballo

O SLG valorou as medidas anunciadas durante a fin de semana do 17 de maio polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao respecto da simplificación administrativa, sanidade animal e rendabilidade pero solicitamos ir máis aló no establecemento de actuacións que demostren un compromiso sólido co sector, máxime cando falamos de potenciar o modelo de produción que máis contribúe a fixar poboación nas zonas de interior e de montaña.

“As cuestións que nos están poñendo enriba da mesa, ao igual que algunhas que se foron conseguindo coas mobilizacións do sector nos últimos meses, son moi importantes. Por exemplo que se converta en voluntaria unha medida tan lesiva para o sector como era a do veterinario ou veterinaria de explotación. Porén, consideramos que o Ministerio debería ir máis aló e eliminar esta proposta do decreto que regula esta figura”, valorou a Secretaria Xeral do SLG, a gandeira e produtora de faba de Lourenzá Isabel Vilalba, que viaxou a Toledo para participar nos espazos de traballo do Foro de diálogo da Gandería Extensiva convocado polo Ministerio.

Así, tamén consideramos positivo que se abra o debate e se asuma a flexibilización en medidas burocráticas e esixencias de cambios de instalacións e ou-



Á dereita, Isabel Vilalba durante a súa participación no Foro de diálogo en Toledo. No centro, de traxe, Luis Planas, ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

tras propostas polo Ministerio, algunhas delas deseñadas de xeito contraproducente para o sector, se ben agardaremos ao seu desenvolvemento para comprobar o grao de concreción destas actuacións.

EHE e tuberculose

Na mesma liña estaremos vixiantes no tocante a solvencia do orzamento anunciado para paliar os danos da Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE), a fin de concretar se é suficiente para facer fronte ás perdas ocasionadas ás granxas, ao tempo que chamamos á cautela con respecto á vacina anunciada para este verán. Trátase dun produto novo que aínda debe ser probado, e experiencias actuais con este tipo de medidas, como por exemplo coa vacina da lingua azul, están devolvendo unha significativa incidencia de efectos secundarios negativos no gando, tales como mortes e abortos.

Dende o SLG tamén queremos chamar a atención sobre o feito de que o ministro Planas dedicara unha parte importante destas propostas a abordar as problemáticas derivadas do control da tuberculose bovina,

que no noso país, como vimos denunciando nestes últimos meses, está levando á matanza de dúcias de animais sans cando un positivo é detectado nunha granxa, en claro agravio comparativo con ganderías localizadas en zonas onde a prevalencia desta enfermidade, malia ser maior, é xestionada sacrificando unicamente os animais enfermos e realizando controis posteriores.

“Valoramos positivamente que nunha cuestión tan importante para nós como é a matanza de animais sans o propio Ministerio confirme que si que hai un marco que permite utilizar moitas máis probas diagnósticas e desenvolver un abano de medidas que eviten matar animais sans e seguir controlando a enfermidade. Cremos que estase vendo que é unha cuestión que é preciso ser revisada no marco dun mellor control da enfermidade”, afirmou Isabel Vilalba.

Non obstante, seguen faltando medidas que permitan ao sector convivir coas consecuencias do quecemento global, tanto en materia de sanidade, como no relativo á aparición de novas enfermidades no gando,

como de pragas e afeccións á calidade e cantidade dos forraxes adicados á alimentación animal.

Prezos xustos

No que abrangue ás medidas orientadas á rendabilidade das granxas, unha vez máis consideramos que estase a eludir abordar a cuestión principal: os prezos. Cómpre un maior desenvolvemento de propostas para garantir prezos que cubran custos de produción de remuneren o noso traballo, así como actuacións concretas para que se cumpra a Lei da Cadea.

Observamos que segue habendo unha inclinación forte polos mercados exteriores, onde agás unha reducida porcentaxe dirixida ao mercado gourmet, as nosas producións son absorbidas por mercados globais onde prima a máxima dos baixos prezos.

“Moitas veces temos produtos de alta calidade e nin sequera se están valorando no mercado como tales. Estase facendo unha política moi á medida de grandes corporacións, pensando en baixar os prezos, non en mellorar a calidade de vida das persoas produtoras. Botamos moi en falla entre as medidas anunciadas unha aposta decidida polo apoio ás producións en ecolóxico e, en xeral para todas as producións, liñas de traballo específicas en materia de comercialización directa, valor engadido, compra pública e outro tipo de medias que poderían significar unha mellora máis concreta nos prezos”, explicou a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, Isabel Vilalba Seivane.

SOBERANÍA ALIMENTARIA ▶ A UE perde 700 labregas ao día e o 57,6% ten máis de 55 anos. Precisamos máis poder regulador na PAC e menos na OMC

Contribucións do SLG e a CEVC ao Consello de Agricultura e Pesca da UE para promover a transición agroecolóxica

Isabel Vilalba compila nunha carta dirixida ao ministro Planas medidas específicas para fortalecer a produción de alimentos

Isabel Vilalba Seivane, Secretaria Xeral do SLG, organización integrada na Coordinadora Europea da Vía Campesina Internacional (CEVC), dirixiu unha carta ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades, con contribucións do SLG-CCLL ao Consello de Ministros de Agricultura e Pesca celebrado o 29 de abril en Luxemburgo.

As achegas, subscritas polo conxunto de organizacións da CEVC, versaron sobre dous aspectos de especial relevancia para as labregas e os labregos galegos: o debate xurdido ao respecto do estudo do Comité Común de Investigación (CCI) sobre o impacto económico acumulativo dos tratados de libre comercio (TCL) na agricultura da UE e a evolución en torno á visión do futuro da PAC e ao diálogo estratéxico sobre o futuro da agricultura europea.

Perdas de emprego

No primeiro destes puntos, o SLG-CCLL chama a atención sobre o feito de que o estudo do CCI conclúa que “o análise confirma que o programa comercial da UE ten o potencial de ser benéfico para o sector agroalimentario da UE”, malia non ter sido estudado en profundidade o impacto específico sobre os agricultores e as agricultoras e non estar presente nas conclusións. De feito, o propio Comisa-

rio europeo da DG AGRI, Wojciechowski declarou, durante a última reunión informal do Consello celebrada en Genk o nove de abril, que as persoas agricultoras europeas foron as perdedoras no proceso de liberalización comercial.

“Observamos que as políticas agrícolas actuais baseadas na OMC e nos TLC provocaron perdas de emprego no sector agrícola. Se a tendencia actual continúa, a Unión Europea perderá 700 labregos e labregas por día até 2040, ao que hai que engadir que máis da metade das produtoras europeas de alimentos teñen máis de 55 anos. Isto é unha contradición co principio de cohesión territorial da Unión Europea, porque as granxas manteñen o dinamismo das rexións rurais creando emprego en zonas estruturalmente desatendidas. A presenza de granxas é fundamental para evitar o despoboamento das zonas rurais. [...] A garantía do dereito fundamental á alimentación para toda a poboación non pode estar suxeita á especulación que se produce nos mercados globalizados baseados na OMC e os TLC”, advirte a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.

Para pór fin a esta tendencia cómpren, canto menos, dúas actuacións da UE. En primeiro termo, reforzar con urxencia a Directiva europea sobre prácticas comerciais desleais para garantir legalmente que os prezos sexan superiores aos nosos custos de produción. Tendo en conta a necesidade de adoptar medidas inmediatas, isto pódese facer engadindo un artigo sinxelo á directiva actual e



Gráfico elaborado pola Unión Europea.

adiando unha reforma máis fonda da Directiva que podería levarse a cabo máis tarde.

Paralelamente, poñer fin aos tratados de libre comercio que inclúan ao sector agrario, comezando polo final definitivo das negociacións do acordo UE-Mercosur. A UE debería promover a reforma do comercio agrícola, que se basearía no concepto de soberanía alimentaria (SA) tal e como se define no art. 15 da Declaración das Nacións Unidas sobre os dereitos dos campesiños e outras persoas que traballan no medio rural (UNDROP), garantindo o dereito das persoas e dos países á soberanía alimentaria e a un comercio que respecte que os prezos dos alimentos das importacións e das exportacións non sexan inferiores aos custos de produción.

Política Agraria Común

En canto á actualización do futuro da PAC e do diálogo estratéxico, consideramos que a

pesares do seu orzamento a PAC foi ineficaz durante as últimas décadas e acabou minando os seus propios obxectivos sociais e ambientais. No contexto da crise climática e da inestabilidade global, e con vistas á apertura da autonomía estratéxica, cómpre restablecer o papel enriquecedor dunha política agrícola e alimentaria común e a súa función de estabilización de prezos.

“Unha transición agrícola [cara a un modelo agroecolóxico] será máis aceptada se as persoas produtoras saben que poden contar con prezos xustos e estábeis. Se estes prezos son a base da renda agraria, libérase o orzamento da Política Agraria Común para axudar ás granxas a avanzar cara as formas de produción agroecolóxicas e máis sostíbeis e para apoiar as granxas situadas en rexións xeoclimáticas desfavorecidas, onde os custos de produción son máis elevados”, explica Isabel Vilalba Seivane.

IXP TG ▶ Dende o Sindicato Labrego continuaremos avanzando nesta campaña, levando adiante accións de información e sensibilización

Os cambios realizados no prego de condicións da IXP TG non son menores

Coa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da modificación das condicións da IXP Ternera Gallega pola cal se formaliza o cambio que obrigaría a acortellar nos dous últimos meses os xatos cebados en Ternera Galega Suprema, abriuse o prazo até o **7 de xuño** para facer alegacións. Dando continuación á campaña en Defensa da Ternera Suprema e da Gandería Extensiva que encetamos no mes de xaneiro, dende o SLG interpuxemos un recurso de alzada dirixido á Consellaría do Medio Rural que, ademais, puxemos dende o 23 de maio a disposición de todas as granxas inscritas nos rexistros do Consello Regulador.

A cuestión central que queremos denunciar con estas alegacións é que a modificación operada no prego de condicións non é “menor”, senón que atendendo aos criterios establecidos no **Regulamento (UE) núm. 1151/2012, do Parlamento e do Consello, do 21 de Novembro**, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, a obriga de acortellamento debe considerarse “de certa importancia”, xa que está relacionada coas características esenciais do produto e implica introducir cambios esenciais no método de produción.

Analizando o calado das consecuencias da modificación do prego de condicións, resulta pertinente polo tanto sometela mesma ao exame da Comisión Europea, para que esta faga a publicación correspondente, con dereito a oposición ás modificacións. Tamén o **Regulamento Delegado UE 664/2014** establece no seu artigo 6 o relativo ás modificacións nos pregos de condicións, diferenciando as non consideradas de menor importancia (punto 1º) e as consideradas de menor importancia (punto 2º). Por medio do recurso de alzada sostemos que non se trata dunha modificación de menor importancia, polo que o procedemento é inadecuado.

Así, é de destacar que o último parágrafo da páxina 28.032 do DOG no que se publica a Orde impugnada recolla só tres dos cinco criterios que a normativa europea sinala que hai que seguir, obviando precisamente os que entran en contradición coa consideración de modificación de calado, nomeadamente a) que a modificación está relacionada coas características esenciais do produto e b) que garda relación co vínculo entre a calidade ou as características do produto e o medio xeográfico ou o vínculo entre a orixe xeográfica e unha cualidade determinada, a reputación ou outra características do produto.

No que respecta ao primeiro aspecto, o primeiro que chama a atención é a “obligatoriedade” da medida do acortellamento, é dicir, o “finalizado” é obrigatoriamente en ámbito pechado. Se partimos da base de que o produto non é o mesmo co acabado en recinto pechado que en crianza ao aire libre comendo pastos naturais -e suponse que algún cambio ten que haber entre unha cousa e outra cando se decidiu pór en marcha a modificación-, o feito de que a medida sexa obligatoria implica necesariamente unha modificación esencial, cando menos para aquelas explotacións que realizan o acabado sen acortellar -porque esas persoas/explotacións van ver un cambio nas características do seu produto-, obligatoriedade que é tanto máis inasumíbel toda vez que se refire especificamente ás ex-



plotacións en réxime extensivo e semiextensivo. En segundo termo, obrigar a finalizar alimentando con penso en recintos pechados implica claramente unha diferenza substancial co recollido no Regulamento das IXPs “Ternera Gallega” e “Vaca e boi de Galicia”, onde pode observarse que o espírito do Regulamento vai na liña do aproveitamento de pastos e a tradición da produción de carne na Galiza, precisamente a súa especificidade (Capítulo II, Artigo 7).

Alén diso, a día de hoxe o Regulamento fala de “recomendación” para o acabado, e o Prego de condicións modificado fala de “obligatoriedade”, polo que cabe preguntarse se pode xuridicamente o Prego de condicións prevalecer -en caso de contradición- sobre o Regulamento.

As produtoras e os produtores que alimentan o seu gando en modelo extensivo, ao aire libre e en base a pasto téñeno claro: os beneficios a nivel medioambiental, de benestar animal e condicións laborais e aforro de custos para as persoas gandeiras son obvias e irrefutábeis. Unha clara mellora na rexeneración dos pastos e da calidade dos solos -así como do seu aporte como captadores de CO2-, o emprego de abono natural en lugar de químico, a pronunciada redución no consumo de plásticos (por exemplo ao non ter que ensillar), o significativo descenso do tipo de enfermidades e, polo tanto, tamén da cantidade de medicación administrada aos animais, a mellora da presenza de ácidos graxos saudábeis na carne -por exemplo o Omega3-, o benestar que para os becerros e as vacas implica poder estender os meses de lactancia criados ao aire libre coa súa nai e cun destete máis natural, ou a significativa redución nas horas de traballo e custos para as persoas gandeiras que aporta apostar por modelos de produción sostíbeis son só algúns dos numerosos beneficios que aporta a alimentación en base ao pasto, e que até o de agora a ningún axente do sector se lle ocorrera cuestionar, nin moito menos desprestixiar.

Continuaremos avanzando nesta campaña, levando adiante accións de información e sensibilización, e dirixíndonos ao Ministerio e ás instancias europeas para demandar solucións que paralicen esta viraxe industrial da IXP Ternera Gallega, loitando por impedir que teña lugar un cambio de paradigma que pretende agasallar o prestixio do bo facer labrego ao modelo agroindustrial, coa complicidade das industrias, os cebadoiros, determinadas organizacións agrarias e a Consellaría do Medio Rural.

LEITE ▶ As baixadas de prezo nas ofertas realizadas por todas as industrias confirman a alerta lanzada xa en febreiro polo Sindicato Labrego Galego (SLG)

Nova ofensiva de destrución da cadea de valor por parte das industrias do leite

O Sindicato Labrego acudirá á Axencia de Información e Control Alimentario para denunciar os contratos que destrúen prezos

20 cts, caendo dende arredor dos 60 cts que puideron acadarse no inverno de 2023 até os 0.39 ofrecidos neste momento.

Normativa inexistente e ofensiva das industrias lácteas

Xa no mes de febreiro, cando tivemos coñecemento de que Lactalis e Leite Río estaban ofertando idénticos abaratamentos do leite á distribución, advertimos que estas estratexias comerciais terían consecuencias para as gandarías, a costa das cales as industrias tentarían amortizar o abaratamento, e pedimos á Consellaría do Medio Rural que solicitase unha investigación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Ademais, cómpre chamar a atención sobre o feito de que aquelas empresas que, como denunciámos hai menos dun mes, vetan ás granxas de estabulación trabada argumentando unha normativa inexistente, veñen de facer ofertas de renovación mesmo por baixo dos 39cts, poñendo ás granxas nun tempo anterior á guerra de Ucraína, cando xa antes da drástica suba de custos destes últimos anos o prezo non daba para cubrilos, para canto máis agora.

Para o Sindicato Labrego Galego esta nova ofensiva das industrias lácteas supón unha clarísima vulneración da Lei da Cadea Alimentaria, nomeadamente no que compete á destrución de valor na cadea como a non cobertura de custos de produción. O primeiro punto do Artigo 12, relativo á destrución de valor na cadea, sinala textualmente: "Co fin de evitar a destrución de valor na cadea alimentaria, cada operador da mesma deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo de produción de tal produto no que efectivamente incorrera ou asumira dito operador. A acreditación realizarase conforme aos medios de proba admitidos en Dereito".

A problemática dos prezos do leite

Antes da suba dos custes de produción por mor da crise da COVID19 e despois da Guerra de Ucraína o prezo base do litro de leite situábase en cifras semellantes ás que ofertan agora estas industrias, e como é sabido dende aquela, os custos de produción encarecéronse significativamente. De feito, en febreiro de 2022 a propia Consellaría do Medio rural presentou un informe desta suba, situándoos daquela por riba dos 40 cts para un litro de leite para o

Xa chegaron as primeiras ofertas de contratos ás granxas e baixan en todo os casos, nalgũa empresa até por embaixo da barreira dos 40cts/l. Isto súmase ás anteriores, polo que algunhas granxas poderían acumular baixadas consecutivas que suman case



ano 2021.

Neste sentido sería estupendo contar con datos actualizados, pero a tan cacarexada como inútil Conta Láctea que ía ser a ferramenta definitiva do anterior conselleiro, José González, mais o Director Xeral, José Silvestre Balseiros, para demostrar os custos de produción e solucionar o problema da indefensión das granxas de leite galegas, a día de hoxe non fixo máis informes, e nin a Consellaría do Medio Rural nin o Ministerio de Agricultura teñen avanzado o máis mínimo neste aspecto, deixando ás labregas indefensas ante a extorsión das industrias.

Axencia de Información e Control Alimentario

Dende o Sindicato Labrego galego vemos fundamento abondo para acudir ante a Axencia de Información e Control Alimentario (AICA) e presentar denuncia por destrución da cadea por ofrecer prezos por baixo dos custos de produción.

As estratexias ilegais de baixada coordinada das industrias lácteas están presentes demasiado a miúdo no sector. De feito, vimos de coñecer recentemente o fallo da Audiencia Nacional ao respecto da sanción imposta pola Comisión Nacional de Competencia contra as industria que integraban o denominado Cártel do Leite, que operaba distorcendo prezos no mercado, demostrado este feito no período que vai de 2000 até 2013. Hai semanas tamén que temos solicitado entrevista á nova conselleira do medio rural para trasladarlle estes problemas e os doutros sectores, sen que até o momento se dignase tan sequera a contestar.

MARIANO PAZOS CURRAIS ▶ Produtor de leite en Gosende (A Baña) dende finais dos anos setenta. Dende aquela milita no SLG, organización na que xa tivo responsabilidades a nivel comarcal e no sector lácteo, e na que actualmente forma parte da súa Dirección Nacional

“Vivir como queres é unha vantaxe e debería ser unha obrigación”

✓ **Mariano, cando comezas a estar vinculado co Sindicato Labrego Galego?**

O día que me afillei fun a unha charla, dun tipo que viña de Francia, nun soto dun hotel na rúa do Hórreo en Compostela. Meu irmán ía ir, que daquela era afiliado do SLG. Entón díxome que nesa ocasión non podía asistir e que se podía ir eu. E alí fun e batín con aquela xente toda do Sindicato Labrego Galego. Sentei escoitando. Estaba alí Mariano Lema e pregunteille se me podía afiliar. Ese foi o meu comezo. Meu irmán daquela dicía en relación aos demais sindicatos: "os outros non valen para nada, o mellor que hai é o Sindicato Labrego", e pensei se ese é o mellor imos para alá. E así foi.

✓ **Ti fuches máis que un afiliado do SLG, xa que deches a cara pola organización en varias ocasións, como por exemplo nos conflitos do leite, incluso ás veces acabando en enfrontamentos.**

Logo de chegar da emigración, que eu estiven en Suíza, comecei a ver as cousas doutra maneira. Daquela comezabamos con todas as disputas das cotas do leite e coa mobilización de tratoradas. Pero sacar o tractor sacabámolo só uns cantos nada máis. Nunca tiven medo de ir a Santiago, era un dereito no que cría, porque creo que para facer



O produtor Mariano Pazos Currais na súa granxa en Gosende (A Baña), facéndolle un agarimo a unha das súas vacas.

este tipo de reivindicacións tes que crer, e tes que sentir que hai algo que non está ben, e se nos puñan unha multa pois que nos multaran...multa máis grande que a que nos estaban facendo co leite non había! Se había que estar estabamos até o final. Eu fun dos primeiros que me neguei a pagar a cota empresarial. E non paguei máis.

✓ **Conta que sucedera co tema dos crotais dos becerros.**

Tiven problemas con ese tema

porque non nolos querían dar! Entón fun onda a persoa responsable e díxenlle que tiñamos todo o dereito a que nolos deran, que se non mos quería dar que me fixera un escrito explicando o motivo e que ía con el ao xulgado que estaba alí ao carón nada máis cruzar a estrada. E díxome algo como "es un pobre home", agarrei a mesa co ordenador enriba... Eran historias e loitas nas tiñas que estar. E agora mirando con perspectiva, de onde viñamos e a

onde nos levaron, agora é case obrigatorio que teñamos que ir a poñerllos nós. Imaxínate se tiñamos razón naquel momento! E iso é o que máis che enche de orgullo, que nós tiñamos razón. Non me pesa nada o traballo que fixen nas loitas, incluso que me partiran o nariz nunha ocasión en Santa Comba por tentar separar a dous que estaban pelexando. Eu metínme no medio para separalos e partíronme o tabique cunha cadeira. Pero douno por ben feito.

“Para facer este tipo de reivindicacións tes que sentir que hai algo que non está ben, e se nos puñan unha multa pois que nos multaran...multa máis grande que a que nos estaban facendo co leite non había!”

✓ **Como afectou a imposición da cota do leite na túa vida como produtor e gandeiro?**


Toda aquela xente da nosa idade, que eramos persoas con vinte e cinco e trinta anos, viñemos para aquí con todo o que gañáramos na emigración para invertir no proxecto e na familia. Acababamos de saír dunha ditadura e isto estaba como estaba. Entón cando comezamos a facer as primeiras cuadras, mercar os primeiros animais de produción e ir seleccionando todo o material chega o tema da cota. Cando tiñas que facer un esforzo grandísimo por modernizar a túa granxa e invertir en xenética, compra de terra e acondicionamento dos terreos, métenche unha tapa por riba e diche: "non, primeiro a túa prioridade é ter cota para que poidas vender". Iso chegou até un punto que era imposible. Cal era a alternativa? Vender en negro. Aí apareceu a venda de leite negro. As persoas vendían por debaixo do prezo e ese diñeiro que ti tiñas que estar dedicando a outras cousas usábase para pagar a cota. Imaxínate que ao meu cuñado, dende que se aboliron as cotas, el seguiu pagando o crédito. Iso non ten pés nin cabeza!

✓ **A alternativa que tiña o SLG daquela era procurar un reparto da produción entre todas as persoas labregas e todos os territorios da Unión Europea. Dende a análise do SLG era xusto daquela e debería ser xusto agora.**

Por exemplo, no País Vasco xa se facían as cousas doutras maneiras. Alí xa non se compraba a cota, o reparto era gratuíto...e aquí era un sin vivir. A produción era a que era, a cota non chegaba, era insuficiente coa produción que había nese momento. Entón andaban dicíndoches que había que mercar e reducir. Aquí neste lugar todo o mundo tiña vacas. Todo o mundo! Uns producían máis leite, outros carne, etc, pero todo o mundo tiña unha granxa. Hoxe quedo eu só. Na parroquia quedan 3. Imaxínate. E naquel momento dicíanche que somos moitos e que tiñamos que desaparecer... e eu pensaba que canto máis desaparecen as outras peor estou eu, porque son máis malo, son mellor de controlar e cada vez teño menos peso.

✓ **Logo da túa experiencia de vida sendo gandeiro, Mariano cres que hai posibilidade de vivir cunha granxa pequena e sostíbel sen ter que irnos á creación dunha industria alimentaria?**

Eu dígoche a miña experiencia. Tiven épocas de deber pasta, porque me obrigaban a deber pasta. Tiña unhas inversións feitas, fixen a cuadra, comprei o tractor, arraxamos a casa e compramos algunha terra. Traballei todo o que tiña que traballar, pero sempre tiven claro que tendo 20 euros no peto para min era suficiente para vivir. Non me facía falta ter moita pasta nin 200 vacas. Eu vivín



Un retrato en primeiro plano dunha das vacas da granxa de Mariano en Gosende.

sempre con 50 vacas e non quería ter máis. Quería ter un pouco de calidade de vida. Os nosos dous fillos estudaron a carreira que quixeron e saíron adiante e nós sempre tivemos ese minuto para descansar, ir á praia e comer fóra. E iso é ao que eu sempre aspirei.

✓ **Como influíu a Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) no teu día a día como gandeiro?**

A min axudome moito. Eu aterrara aquí sen entender nada disto. Na miña casa había 5 vacas cando eu nacín. Meu pai foi emigrante en Brasil. Casou e marchou para alá, onde estivo 8 anos e logo tivéronme a min. Aquí non eran gandeiros. Aquí eramos de todo. Eu non tiña ningunha cultura disto. Dende que me metín no Sindicato e escoitando a outra xente na liña sindical, axudome moito a pensar as cousas doutra maneira. Non hai que tirarse ás présas, por correr moito ou

querer abarcar moito non adiantas nada, lévate a desfacerse vivo traballando. Nada máis. Eu sei que se hoxe teño 20 vacas máis teño 20 problemas máis. Escollín vivir como quero, e vivir como queres é unha vantaxe e debería ser unha obriga-ción.

✓ **Agora a loita do SLG-CCLL segue na defensa do medio rural vivo, na produción, no mundo labrego, e, na actualidade, tamén na cuestión do acaparamento de terras pola avalancha eólica, que é unha ameaza xigante para o noso medio.**

De todo iso que se xera no rural non queda nada. O único que queda é queimado. Neste momento ten máis vantaxes calquera empresa doutro sector que o propio rural, porque en cuestión de pouco tempo o valor da nosa terra vai ser cero. Porque se ti enches isto de eólicos ninguén quere vir para aquí. Á xente fálle falta terra.

OBRADOIROS COMPARTIDOS ▶ A fin de semana do 2 e 3 de febreiro tivo lugar o Encontro de Obradoiros Compartidos, en Vilarmajor, no Albergue Ecoturismo Alvarella

Vilarmajor acolleu un Encontro de Obradoiros Compartidos de Transformación Agroalimentaria

Palestras arredor da importancia dos obradoiros compartidos e ferramentas para a resolución e prevención de conflitos

Alvarella. Foi unha xornada fantástica na que comezamos reflexionando arredor da **importancia dos obradoiros compartidos no territorio galego** da man de Xosé María García (labrego da comarca e membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego -SLG-, e un dos dinamizadores do Obradoiro Compartido de Moeche-), Fundación Carasso - Pilar Martínez (Responsábel de Programas - Alimentación Sostíbel), Grupo TAAPA (Grupo de Traballo de Transformación Alimentaria Artesá para Producións Agrocecolóxicas) - Raquel Clemente da Cooperativa Germinando, Deputación da Coruña - Sofía Sanesteban (técnica de xestión de proxectos do PEL).

Tamén participaron representante dos concellos promotores do obradoiro compartido da Fusquenlla - Manolo Varela (Concello de San Sadurniño), que falaram da importancia socio-económica deste tipo de espazos compartidos de transformación agroalimentaria como unha oportunidade para dinamizar, revitalizar o rural e incrementar a viabilidade dos pequenos e mediados proxectos labregos, así como da importancia en si destes espazos que funcionan como unha nova oportunidade de volver ao común.

Implicacións sanitarias e fiscais cando participo dun obradoiro colectivo

Afondamos nas implicacións sanitarias e fiscais cando participo dun obradoiro colectivo, deténdonos nos aspectos sanitarios a ter en conta na xestión dun obradoiro colectivo, con Luis Couto (xefe de zona servizos veterinarios de saúde pública da Xunta de Galicia); e tamén na fiscalidade nun espazo colectivo de transformación alimentaria, con Óscar Lugo (experto en fiscalidade de Servizos Agrarios e Contábeis). Neste tipo de espazos, moitas veces xorden este tipo de dúbidas, e cada obradoiro decide moi ben como atallar estes "pescozos de botella". É moi importante coñecer perfectamente a lexislación nestes dous ámbitos para saber cal se pode adaptar mellor tanto ao espazo colaborativo como ás persoas usuarias e os seus modelos de produción e transformación.

Esmigallando experiencias de obradoiros compartidos

No contexto do Encontro, esmigallamos experiencias de obradoiros compartidos a través do Obradoiro compartido de Transformación Alimentaria en Jaca (Huesca) - Viveiro de empresas agroalimentarias Adecuara e do Obradoiro compartido de VallaEcolid (Valladolid); e coñecendo, novamente, o obradoiro compartido Daquí Darredor, do Concello de Brión; e o obradoiro A Fusquenlla, en Moeche. Con respecto a este último, tiñamos prevista unha visita, pero por cuestións alleas á organización non puidemos realizada. Sonia e Cynthia, usuarias do obradoiro, fixéronnos unha excelente visita virtual.

Os días 2 e 3 de febreiro tivo lugar o Encontro de Obradoiros Compartidos, organizado pola Asociación Herbamoura e o Sindicato Labrego Galego, e financiado pola Deputación da Coruña, en Vilarmajor, no Albergue Ecoturismo

Resolución e prevención de conflitos

O sábado 3 de febreiro, ao mediodía, fixemos unha degustación compartida de produtos da Fusquenlla. Por último, finalizamos o programa do Encontro de Obradoiros Compartidos da primeira fin de semana de febreiro no Albergue Ecoturismo Alvarella en Vilarmajor, con Mané, de Rexenerando SCG, adquirindo ferramentas para a resolución e prevención de conflitos nos espazos compartidos. As nosas compas Conchi Mogo e Xosé María García pecharon o Encontro de Obradoiros Compartidos agradecendo a participación e a necesidade destes espazos colaborativos en todo o territorio galego.



Palestra de reflexión arredor da importancia dos obradoiros compartidos no territorio galego. Abaixo, nun momento da quenda das implicacións sanitarias e fiscais.



Esmigallamos experiencias de obradoiros compartidos. Abaixo, con Mané (Rexenerando SCG) adquirindo ferramentas para a resolución e prevención de conflitos.



DEREITOS ▶ A sentenza, emitida o 18 de marzo polo Xulgado do Social n.º 1 de Lugo, acreditou a vulneración de dereitos fundamentais da traballadora e fixou unha indemnización de 7501€

Sentenza en firme que confirma o despido nulo da traballadora que denunciou a precariedade da Residencia de maiores do Asilo de Vilalba

O Xulgado do Social Nº1 de Lugo declarou o pasado 18 de marzo a firmeza da súa sentenza ditada en novembro do 2023 que declarou a nulidade do despedimento dunha traballadora da Fundación Hospital Asilo de Vilalba, que xestiona a residencia de maiores da capital da Terra Chá.

Ademais de esixir a súa inmediata readmisión, a empresa está obrigada a pagarlle os salarios deixados de percibir dende a data do despedimento e a aportar á traballadora unha indemnización de 7.501 euros «por danos morais». Así, no seu



Olga Rego, a traballadora despedida e readmitida, xunto a Margarida Prieto Ledo, vogal do Sindicato Labrego Galego (SLG) no Consello Galego de Benestar Social.

auto o Xulgado do Social Nº1 afirma que a carta de despedi-

mento limitábase a afirmar que a traballadora amosou oposición

ao sistema organizativo da empresa, do que deduce que o que a empresa estaba realmente a recriminar a esta xericultora eran as súas queixas “ante distintos organismos e sindicatos”.

A Xustiza dálle a razón aos servizos xurídicos de Comisións Obreiras (CCOO), Sindicato Labrego Galego-Cosmisiones Labregas (SLG-CCLL), Feministas da Terra Chá e Asociación Feminista Vilalba e confirma como nulo o despedimento dunha traballadora da Fundación Hospital Asilo de Vilalba, que xestiona a residencia de maiores da capital da Terra Chá.

SANIDADE ▶ O documental “DEP: Destruír É o Plan”, dirixido por SOS Sanidade Pública, proxectouse na Casa da Cultura de Vilalba o pasado día 12 de abril

Organizamos en Vilalba a exhibición do documental que revela a destrución planificada da Sanidade

O Sindicato Labrego Galego organizou o pasado 12 de abril en Vilalba a proxección do documental “DEP: Destruír É o Plan” elaborado pola plataforma SOS Sanidade Pública. Tamén estivemos apoiando a concentración convocada por esta mesma entidade co gallo do Día Internacional da Atención Primaria, fronte ao Parlamento Galego en Santiago de Compostela. No seguinte enlace podedes visualizar o documental: <https://vimeo.com/913154494>

Día Internacional da Atención Primaria

A exhibición de “DEP: Destruír É o Plan” proxectouse o 12 de abril na Casa da Cultura de Vilalba, após á cal houbo un coloquio que contou coa participación do médico de familia Bernardino Pardo, destacado activista de SOS Sanidade Pública que desenrolou grande parte da súa traxectoria profesional en Vilalba, onde é moi apreciado. A peza explica porque, por vez primeira, está a haber un aumento da mortalidade evitábel na Galiza, consecuencia da destrución planificada da sanidade pública executada polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia. A través dunha narración amena e áxil, apoiada en testemuñas de persoas expertas e profesionais sanitarias, completadas con entrevistas a persoas que están a sufrir as consecuencias do colapso do sistema sanitario galego, este documental ilustra a premeditación política na privación á cidadanía da calidade precisa



A Casa da Cultura de Vilalba ateigouse durante a proxección do documental.

nun servizo esencial para a nosa supervivencia: a atención sanitaria, co único obxectivo de favorecer a creación de negocio á costa da nosa saúde a través de empresas sanitarias privadas. “Para o SLG a defensa da Sanidade, dos servizos públicos en xeral, é unha das liñas de loita esenciais para o mantemento e fortalecemento dun medio rural vivo. Temos denunciado en moitas ocasión o peche de centros de saúde -como durante a pandemia-, as prolongadas listas de agarda ou a falla de especialistas, polo que consideramos moi importante achegar este documental á cidadanía é dinamizar o debate de como reverter esta situación”, afirma a nosa vogal no Consello Galego de Benestar Social, a chairega Margarida Prieto Ledo.

EÓLICOS ▶ O SLG, unha das máis de 100 organizacións que apoiou a manifestación convocada pola coordinadora local Contra Vento e Maré o 28 de abril en Pontevedra

V manifestación “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”

Reivindicamos o valor das alianzas e a articulación conxunta de loitas para protexer a Natureza da cobiza político-empresarial

O Sindicato Labrego Galego foi unha das máis de 100 organizacións sociais de toda Galiza que apoiaron a quinta manifestación convocada baixo o lema “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”, nunha área urbana para visibilizar que hai unha oposición social conxunta do rural e das cidades para defendérmonos dos constantes ataques e ameazas de espolio de recursos naturais e destrución medioambiental da Xunta de Galicia en connivencia con determinados entramados empresariais.

Antecedentes

A primeira destas mobilizacións tivo lugar en setembro do 2022 na Coruña, seguida en xaneiro do 2023 por Vigo, Lugo en maio, Ferrol en novembro e este vindeiro domingo 28 de abril, da man da coordinadora local Contra Vento e Maré, na cidade do Lérez, que conta cun importante número de proxectos industriais eólicos solicitados na súa contorna, como no Monte da Fracha, montes de Xeve e Verducido..., ademais da polémica fábrica de celulosa Ence, actualmente en funcionamento logo de que o presidente Rajoy en funcións lle ampliara o permiso concedido no seu momento polo ditador militar Franco no medio de importantes protestas sociais, que remataron coa detención de catorce mulleres o 10 de febreiro do ano 1959.

Reducir aínda máis a mínima superficie agraria útil que temos na Galiza -a máis pequena de todo o Estado- para construír fábricas no medio rural; dinamitar patrimonio arqueolóxico, como vinos no Acibal co polígono industrial da empresa Norvento; destruír mananciais de auga debido á construción de aeroxeradores nos montes; degradar e contaminar unha contorna de polo menos 30km, como acontecería de instalarse a macropapeleira Altri-Greenalia ou explotacións mineiras que non cumpren os mínimos requisitos para valorar o seu impacto ambiental son perigos para a nosa saúde e a do medio ambiente que teñen varios aspectos en común.

Un deles é estratéxico, como destacou recentemente Margarida Prieto Ledo, Responsábel da Loita contra o Acaparamento de Terras no Sindicato Labrego Labrego, durante a súa intervención nun acto celebrado en Lugo en apoio á manifestación de Pontevedra: “a medida que a



Labregas do SLG coas bandeiras da organización o 28 de abril en Pontevedra.

poboación nos imos organizando para defender os nosos dereitos, a Xunta de Galicia altera a lexislación para poñer todo tipo de trabas e impedi-

mentos á cidadanía, ao tempo que facilita dun xeito absolutamente escandaloso a instalación de todo tipo de proxectos industriais no medio rural”.



O Sindicato Labrego Galego, canda outros colectivos, na manifestación “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”.

Leis de depredación e beneficio empresarial



Máis de 100 organizacións de toda Galiza apoiaron esta quinta manifestación.

A través do que dende a cidadanía identificamos como “Leis de depredación”, tales como a 5/2017 de Fomento e da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia, a Lei 9/2021 de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia ou a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (ano 2023), o Partido Popular, dende a súa posición na Administración pública, restrinxiu o tempo

de exposición pública destes proxectos, dunha significativa complexidade técnica, dificultando que a cidadanía poida informarse, ou comprendelos en total profundidade, ou, por exemplo, buscar asesoramento técnico para defenderse; tamén diluíu os condicionantes de carácter medioambiental e limitou a posibilidade de presentar alegacións.

En alarmante contraste con todas estas trabas, para as empresas que presentan estes proxectos todo son facilidades e

simplificacións para acelerar a súa tramitación. O PP de Galicia estableceu a categoría de “proxecto estratéxico”, que implica que o beneficio económico de entidades privadas está por riba dos dereitos humanos, sociais e, por suposto, tamén patrimoniais -é habitual que a Xunta ameace á poboación galega con expropiarlle terras e propiedades para poñelas ao servizo de determinadas empresas-.

Até o de agora o único xeito que temos para defendérmonos desta violencia estrutural están a ser as mobilizacións, as alegacións e a vía xudicial, como vemos por exemplo no caso da invasión eólica, onde a inmensa maioría das denuncias polas irregularidades destes polígonos industriais denunciados pola veciñanza son admitidas, decretándose medidas cautelares e obtendo pronunciamentos xudiciais que corroboran estas alertas.

Pero estas empresas consideran que pódense permitir unha agresividade cada vez maior, habida conta de que o principal cómplice desta violencia estrutural é a Administración pública. Non podemos esquecer que altos cargos do Goberno galego forman parte dos consellos de dirección das empresas que ameazan ás veciñas e aos veciños, como por exemplo Greenalia, unha das principais hostigadoras da poboación a base de polígonos industriais eólicos e agora tamén cunha macrocelulosa contaminante, que ten nin máis nin menos que á ex-conselleira de Medio ambiente da Xunta de Galicia co PPdG, Beatriz Mato, como unha das súas altas directivas -alías de outros perfís próximos a empresas con clara influencia no Goberno galego, como INDITEX ou ABANCA-.

Beneficio empresarial

Así, se a cidadanía consegue organizarse, xuntar cartos e de-

fenderse xudicialmente -con toda a presión psicolóxica e impacto nas súas vidas cotiás que isto supón-, no caso de a Xustiza lles dea a razón, estas empresas fan campañas públicas de coacción e deslexitimación contra os xuíces sen que isto lles supoña ningún tipo de consecuencia, ao tempo que a Xunta de Galicia préstase a indemnizar ás empresas con millóns de euros das arcas públicas, como unha sorte de “castigo” social por terlles chafado o seu negocio.

Xa quixeramos que para a atención sanitaria ou as listas de dependencia houbera o mesmo grao de compromiso por parte da Xunta de Galicia que cando se preocupa por garantir o lucro e enriquecemento destas corporacións privadas.

Fronte a toda estas inxustizas, como defensa fronte á ameaza de deteriorar as nosas condicións de vida única e exclusivamente para o beneficio empresarial, dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) animamos a seguir loitando establecendo alianzas entre colectivos diferentes, entre a veciñanza, entre o rural e o urbano levando adiante accións xudiciais, de visibilización desta problemática e de denuncia.

“A nosa organización naceu loitando contra proxectos similares fai máis de 50 anos (As Encrobas, Baldaio, Encoro de Castrelo, Nuclear de Xove, etc). Nestas décadas foron moitos os ataques, pero tamén moitísimas as vitorias: temos parado minas como a de Corcoesto ou San Finxs, macrovertedoiros, polígonos eólicos, encoros... O capitalismo verde está a atacar as comunidades rurais en todo o planeta. Na Galiza estamos en pé de loita e defendendo a nosa terra e o noso mar, temos que estar orgullosas, valorar esta capacidade e ser cada vez máis fortes”, alenta Margarida Prieto Ledo.



Percorrendo as rúas de Pontevedra o pasado domingo 28 de abril.

RESERVA DA BIOSFERA ▶ Reiteramos que sexan adoptadas as recomendacións da UNESCO en materia de consulta e participación cidadá nas Reservas das Biosferas

Alertamos do risco de perder categorías Reserva da Biosfera se os seus órganos xestores seguen a ignorar as ameazas de industrialización intensiva destas áreas naturais protexidas

Insistimos en que é preciso inventariar e monitorizar os proxectos industriais das RB para valorar correctamente o seu impacto

O SLG presentou o 24 de abril alegacións complementarias aos Plans de xestión das Reservas da Biosfera (RB) de Terras do Miño e dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, ao trasladárenos nas mesas sectoriais-espazos de traballo convocados especificamente para a aportación de ideas e opinións a estes plans de xestión- que as alegacións que presentamos no seu momento non ían ser tidas en conta.

Nestas achegas complementarias, reiteramos que é necesario proceder á valoración de impacto de diversos proxectos sectoriais integrados ou que eventualmente poidan integrarse no territorio destas RB. Referímonos concretamente a proxectos industriais en tramitación, como polígonos industriais eólicos, fotovoltaicos ou explotacións mineiras, avaliando a ameaza real que estes supoñen ou poden supoñer para estes territorios protexidos.

De feito, nesta mesma liña, a principios do presente mes solicitamos informes e presentación de alegacións ás Reservas da Biosfera afectadas pola macrofábrica de celulosa de ALTRI e Greenalia (Terras do Miño, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo e Ribeira Sacra e Serras do Oribio e O Courel).



Labregas e labregos da Executiva Nacional do SLG diante do local nacional da organización, en Compostela, no mes de abril.

“Nos últimos anos temos detectado -non só as organizacións agrarias e ambientais senón tamén se ten constatado por parte do servizo de Medio Ambiente da Deputación provincial mediante os informes e alegacións presentadas a varios proxectos-, importantes ameazas de proxectos industriais, os xa existentes que si están recollidos no Plan, pero tamén múltiples en fase de tramitación, moitos deles eólicos, parques fotovoltaicos, explotacións mineiras e agora ultimamente mesmo unha macrocelulosa, isto é unha realidade constatable á que non podemos dar as costas”, expón a nosa vogal nos órganos de participación das devanditas Reservas da Biosfera, Margarida Prieto Ledo.

“Entendemos que non se pode tentar potenciar actividades económicas compatíbeis cos valores da Reserva e pechar os ollos ante a invasión de proxectos industrias que ameazan o rural destes propios espazos protexidos”. Margarida Prieto fai fincapé nas alegacións pre-

sentadas na pertinencia de incorporar a estes plans de xestión para a década 2024-2034 as recomendacións recollidas no Informe sobre viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termosolares, particularmente a repotenciación e infraestruturas asociadas nos territorios declarados “Reserva da Biosfera”, elaborado polo Consello científico do Comité español do Programa “Home e Biosfera” (MAB) da UNESCO, destacando que é de fundamental importancia atender ás análises e indicacións das propostas sétima e oitava de dito Informe, trasladadas literalmente nas alegacións complementarias presentadas.

“Cada dez anos hai unha avaliación xeral, ademais da que realiza cada ano o programa MaB da UNESCO a través do seu Consello Científico seguindo unha serie de indicadores que temos que ir cumprindo. Atendendo aos datos do o Informe Macroeólicos Galicia (IMG, 2022) realizado por organizacións sociais e entidades veciñais, a ano 2022

xa co proxectado daquela 1.942 aeróxeradores quedarían dentro de Reservas da Biosfera e o 25,68 % da superficie das Reservas da Biosfera de Galicia quedaría dentro de polígonos industriais, afectando unha superficie de 132.825,86 ha. Está claro que de seguir así o risco de que nos retiren a categoría RB é manifesto”, advirte Margarida Prieto.

“Consideramos que igual que é importante inventariar plantas invasoras e acometer plans para a súa erradicación no espazo da reserva, debemos facer unha aposta por inventariar, monitorizar e valorar na súa xusta medida a ameaza que estes proxectos industriais van supoñer no futuro para a conservación dos valores ambientais, e socioeconómicos a protexer”, conclúe. De non ser tidas en consideración estas novas achegas presentadas, entendemos dende o Sindicato Labrego Galego que os Plans de Xestións das dúas Reservas non cumprirán coa finalidade que regulamentariamente teñen.

BELÉN FERVENZA ▶ Produtora en ecolóxico na Horta do Cadaval (Reboreda, Redondela), xunto ao seu compañeiro Jacobo Ojea, é vicesponsábel do Sector Vexetal no SLG-CCLL

“A miña horta é un lugar que desfruto, no que sento, contemplo e son feliz”

✓ **Belén, estamos aquí en Reboreda (Redondela), no barrio do Cadaval, na Horta do Cadaval. Neste proxecto que xorde xa hai tempo, aló polo 2005, non? Hai case 20 anos xa. Podemos lembrar como naceu e por que?**

Eu crieime neste barrio, entre vacas, con xente que cultivaba, botando millo coa miña avoa e o meu avó. Logo estudei bioloxía porque sempre me gustou a natureza. Recordo escapar ao monte para ver aves, alí era feliz. Despois especialiceime en ecoloxía. Ao rematar a carreira preparei as oposicións, pero a min non me gustaba dar clase nun sitio pechado. Traballei como educadora ambiental e logo entrei en contacto con Amigas da Terra e coa área de alimentación. A primeira vez que escoitei falar do Sindicato Labrego Galego foi en Cataluña.

✓ **Entón a primeira vez que escoitaches falar do Sindicato Labrego Galego foi en Cataluña?**

Si, dixéronme: “ahí tenéis una mujer muy potente”. Esa foi a primeira frase que lembro escoitar sobre Lidia Senra. O meu compañeiro Jacobo e mais eu, con Amigas da Terra, organizamos as primeiras xornadas de Agricultura Ecolóxica en As Corceizas. E alí chegaron Lidia Senra, Pura Seoane, Carme Freire, Pilar e Eloi, etc., e recordo facer o cambio de non botar minerais á terra. Comezamos facendo bancais co libro de Mariano Bueno e fomos aos poucos empezando a cambiar na cabeza e no corazón. O meu compañeiro nunca antes traballara a terra. Empezamos con



A produtora Belén Fervenza regando as plantas na Horta do Cadaval (Reboreda).

moita ilusión facendo bancais e vendendo no Mercado en Redondela coas señoras maiores e logo tamén entramos en contacto con grupos de consumo en Cangas e en Moaña.

✓ **Os terreos que traballades de que eran?**

Os terreos eran da miña nai e da miña avoa. Antes de nacer a nosa filla Maia, hai xa 12 anos, cultivabamos ademais outras fincas. Cando comezamos aínda estaba a miña avoa e sempre nos rifaba. “Estades tolos”, dicía, por deixarmos a nosa profesión de profes e dedicarnos a isto. Sempre dicía “se fose un só vale, pero as dúas!”, pensaba que era demasiado. Pero no fondo estaba orgullosa. Ela cultivara toda a vida, traballaba limpando casas e tamén na horta, na casa sempre tiveron animais, vendía leite e tiñan unha horta pero era para o consumo dos animais.

✓ **Como é o voso día a día?**

Cando comezamos hai case 20 anos non había moitas produtoras e produtores aquí en Redondela. A día de hoxe, que se adiquen a isto 100%, só estamos nós e pouco máis. O meu compañeiro Jacobo imparte moitos curso de horta e aumentamos aí a experiencia, pero non podemos vivir exclusivamente da horta, de momento eu non estou ao 100% porque estou coa crianza da nena e do neno. Un día noso: erguerse, levar a nena a cole, vir para a horta, quedamos co pequeno, logo traballamos, podemos estar sementando ou limpando, facemos o que se pode. Pola mañá estamos mínimo dúas ou tres horas, en inverno algo menos porque chove e ao final estás dentro do invernadoiro xa que fóra non podemos facer moito. Logo imos buscar a nena ao cole, facemos a comida e á

tarde tamén volvemos un pouco para a horta, en verán máis. Ás veces traballamos Jacobo e eu xuntas e outra veces el está nun sitio e eu noutro. Algunhas veces ten cursos e talleres polas mañás, como os proxectos de hortas escolares nos que participamos con Amigas da Terra. Tivemos que reducir moito. Houbo un ano no que non plantamos absolutamente nada. Estabamos esgotadas. Vermos o traballo que tiñamos e como fomos reducindo, foi un proceso lento, e agora con crianzas é diferente. Foi despois da pandemia cando comezamos de novo, foi un volver a empezar. A verdade é que agora estamos mellor, porque agora desfrutamos do que facemos. E tamén imos facer a nosa planta, que era algo moi importante para nós, recoller a nosa semente.

“Traballamos froita, horta e flor, gústame facer un pouco de todo, non me sinto produtora dun só cultivo”

A nós gústanos o concepto de horta-xardín, o concepto de que a miña horta é un lugar que desfruto, no que sento, contemplo e son feliz. Gústame pechar os ciclos, é diferente se fas ti a planta que se a mercas, ves como vai medrando. Agora queremos volver a plantar froiteiras nunhas fincas que temos algo máis arriba, gústanos combinar. Traballamos froita, horta e flor, gústame facer un pouco de todo, non me sinto produtora dun só cultivo.



Belén amosounos as fincas que cultivan no Cadaval, en Reboreda, Redondela.

✓ **Fálanos da experiencia na creación de hortas escolares.**

Antes de nacer Maia estiven nun proxecto de comedores escolares con Amigas da Terra. A min gústanme moito os nenos. O primeiro cole co que comezamos, co que se iniciou este proxecto de prazas escolares, foi unha escola infantil, a Tegriña, en Vigo, e foi un gusto porque é unha escola pequena e teñen un espazo que é un luxo aí en Vigo, pero xa está en Ourense, en Lugo e A Coruña creo que comeza este ano. Eu fixen unha guía de como crear unha pequena horta con Amigas da Terra e cuns amigos e agora vaise avanzando. É un proxecto que a min me gusta moito porque vemos que hai cultura de cultivar, que as familias teñen voz. Os nenos cando tocan a terra teñen moito que facer con ela.

✓ **E tamén impartides cursos de distinta índole: os últimos foron de coroas de nadal e viveiro de hortícolas aromáticas e flores.**

Si, esa é a miña parte. Jacobo leva máis a parte de cursos de horta, eu estou buscando de novo o meu lugar, que podo aportar, e estou comezando a dar cursos de coroas, por exemplo, a min gústanme moito os insectos, a fauna útil, entón saber que flores son, ese vínculo

que atrae insectos que afecta á túa horta, entón eu fago os talles e falo moito dos ciclos, a importancia de vincularnos. A min encántame ver como o meu fillo reconece o xantén, por exemplo, que saiban de cara ao futuro que non poden perder o vínculo coa terra, que xoguen coas mans sucias.

✓ **Como é a venda e comercialización actual?**

Vendemos sobre todo no mercado. Antes faciamos cestas e vendiamos a grupos de consumo, pero era esgotador para nós. Cando reducimos priorizamos a venda no mercado (no 4Ponlas en Pontevedra), e estamos moi contentas. Tamén facemos pan. Durante a pandemia foi algo que nos mantivo seguras porque se vende moi ben, á xente gústalle e está contenta. Entón agora gustaríanos facer aquí na finca na parte de arriba unha construción para poder impartir nela os nosos cursos e utilizala como lugar de traballo, porque agora a cociña xa nos queda pequena. Necesitamos un forno máis grande para facer pan. A nós gústanos probar diferentes cousas, na horta non somos especialistas dun só cultivo, sempre o mesmo é moi monótono para nós.

✓ **Que significa para ti este lugar, Belén?**

Eu crieime neste barrio, para min os veciños e a horta do Cadaval é un selo, por iso o nome do proxecto, somos como unha familia máis grande. Pero a maioría das rapazas e rapaces da miña idade non traballan a terra, e eu sentía que todo isto ía desaparecer, sabes? Entón a cultura e o mundo que eu vivía pensei en como amosalo. Vía ás mulleres do mercado que facían iso con orgullo, pero que non era algo que querían deixar aos seus fillos. É importante que a xente coñeza de onde xorde a alimentación, que hai persoas que traballan a terra para dar alimento a outras.

“É importante que a xente coñeza de onde xorde a alimentación, que hai persoas que traballan a terra para dar alimento a outras”

Eu teño a formación en educación ambiental e para min era importante facer ver que a nosa vida ten repercusión no contorno. Creamos a Rede de Sementes en casa de Edgar e Su ceando un día. Fomos a Zaragoza, coñecemos a Rede Estatal de Sementes, conectamos con

eles, viñemos á casa e comezamos co primeiro Encontro de Sementes en Redondela e foi un éxito. Foi incríbel. De repente chegamos alí e vimos tanta xente...foi incríbel! A pregunta é, que é o importante? Construír socialmente ou construír un proxecto real que poida aportar á sociedade? Construír teoricamente fan moitos. Pero a realidade é outra. O noso é un labor diario de estar cambiando o solo que pisamos.

✓ **Ademais tedes dúas crianzas. Gustaríavos que elas tamén fosen labregas?**

Sería un orgullo! Pero elas decidirán que facer. A min tampouco me obrigaron nunca a nada e creo que estou aquí porque os meus pais nunca nos dixeron que estudar nin nos obrigaron a nada, eu ía a axudarlle á horta de maneira voluntaria, cando era a época de recoller as patacas ou o millo, ía encantada! Non sei o que serán Maia e Gael, pero a min encantaríame que buscasen algo vinculado coa terra, non digo que teñan que facer horta, pero si que me gustaría que fósemos unha equipa. É importante que valoren esa cultura xa dende pequenos. O que lle deixamos é unha terra ben traballada, este solo ben traballado é unha máquina de producir alimentos, así xa estamos dando amor e vida.



A produtora diante do invernadoiro coa saca de tea que agasallamos este ano no Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, en Chantada.

ECOLOXISMO ▶ Agatha Broeskamp foi a primeira persoa en inscribirse no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA), sendo vogal do Sindicato Labrego

Agatha Broeskamp, pioneira no cultivo ecolóxico na Galiza

O 14 de abril, familiares, amigas e amigos e persoas vinculados coa terra e a agricultura ecolóxica xuntámonos para lembrala

Agatha Broeskamp foi unha produtora alemá, asentada en Tui, na parroquia de Pexegueiro, onde viviu case trinta anos. Faleceu o pasado 31 de decembro no seu lugar de orixe, Alemaña. A súa finca na Fonteseca foi das primeiras en contar con certificado ecolóxico de Galiza. Agatha tamén foi a primeira persoa en inscribirse no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica, sendo vogal do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

“Cando o 31 de decembro nos comunicaron que Agatha falecera rapidamente pensamos que tiñamos que facer algo na súa homenaxe”, explica a produtora en ecolóxico Belén Ferrenza, no invernadoiro da súa horta en Reboreda (Redondela).

A finca de Agatha converteuse nun lugar de referencia e de formación na agricultura ecolóxica galega, transmitindo os seus saberes e servindo de base para moitas persoas que logo se dedicaron profesionalmente á agricultura ecolóxica. “Foi unha persoa moi importante aquí na Galiza, era referente até nos métodos de plantación, nos marcos, os seus porros eran incribeis, na súa casa sempre había flores, para min Agatha son capuchinas e caléndulas”. “Era unha muller encantadora, amábel, encantáballe ensinar, con ela aprendemos moito”, lembra Belén.

O seu compañeiro era de Fe-

rrol, coñecéronse en Madrid nun encontro das JOC (Juventudes Obreras Católicas). Logo instaláronse en Tui, na parroquia de Pexegueiro, e mercaron unha casa con finca onde montaron os invernadoiros. “Tanto el como ela estaban moi vinculados á terra, eran persoas que querían cambiar as cousas, deixaron pegada”. Agatha, ademais, sempre defendeu os dereitos das persoas labregas. “Os seus prezos eran referencia para as que chegamos despois, cando non sabías que prezo poñer aos produtos pensabas a que prezo vendía ela, tiña xa daquela uns prezos xustos”.



Agatha no seu invernadoiro. Fotografía do arquivo familiar da produtora, cedida polo seu irmán Heindrich Broeskamp. Agradecementos especiais para el.

Dereitos labregos e defensa do consumo local

A práctica respectuosa de Agatha Broeskamp coa natureza acompañouse coa loita polos dereitos labregos e a defensa do consumo local, traballando dende distintos ámbitos:

- Vogal do **Sindicato Labrego Galego**.
- Membro do **CRAEGA** (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), onde traballou para conseguir un órgano de goberno transparente e democrático.
- Participou, xunto cun grupo de familias consumidoras, como agricultora de referencia de **Árbore Sociedade Cooperativa Galega**, unha cooperativa de consumo creada no ano 2001 que ten hoxe máis de 200 socios e unha tenda aberta ao público, onde se persegue, ademais do consumo responsábel e xusto, o coidado do noso entorno. É un referente a nivel galego.
- **Concelleira polos Verdes** no

concello de Bonn (Alemaña).

- Membro fundadora da **APEGA** (Asociación de Produtores Ecolóxicos Galegos), sobre o ano 2003, dende onde tratou de buscar sinerxias e colaboración entre diversas produtoras a nivel de toda Galiza, con representantes en todas as provincias.
- **Colaborou na recuperación do Mercado da verdura no ano 2014 no cárcere vello en Tui**.
- Involucrouse na loita contra os transxénicos, concienciando e colaborando na creación da plataforma galega Anti-transxénicos, e montando en **Tui Info-transxénicos**, onde se fixo campaña para a eliminación destes alimentos modificados xeneticamente, e conseguindo que concellos do Baixo Miño se declarasen concellos libres de transxénicos.
- Levou a cabo con outros compañeiros o **banco de sementes autóctonas**.

“Foi unha persoa moi importante aquí na Galiza, era referente até nos métodos de plantación”





Arriba, Agatha coa súa socia Carmen. Abaixo, co seu compañeiro Xosé Gundín diante da súa casa. No lado esquerdo, a produtora ecolóxica traballando na horta. Todas as fotografías foron cedidas polo seu irmán Heindrich Broeskamp.



Homenaxe a Agatha en Tui

O 14 de abril, familiares, amigas e amigos de Agatha Broeskamp e persoas vinculadas coa terra e a agricultura ecolóxica xuntámonos para lembrala. Realizamos un roteiro pola senda do río Furnia, descubrimos a placa en homenaxe á produtora na súa antiga morada e plantamos un bidueiro en homenaxe. Na actualidade hai unha campaña vixente para solicitar ao Concello de Tui que lle poña o nome de Agatha Broeskamp á actual senda do río Furnia entre Malvas e Pexegueiro.

No seguinte enlace podereis acceder a máis información sobre esta campaña e proceder á súa sinatura de maneira electrónica:

<https://goo.su/pBE9P9>

HOMENAXE A AGATHA BROESKAMP EN TUI O 14 DE ABRIL



Algunhas imaxes da homenaxe a Agatha o pasado 14 de abril. Arriba, Carmen ao carón da placa na casa onde vivía; á esquerda plantando un bidueiro na súa lembranza; abaixo varias das persoas que acudiron á parroquia de Pexegueiro, en Tui, para homenaxear á produtora alemá que deixou pegada na agricultura ecolóxica da Galiza.



Campaña a prol da saúde laboral das mulleres labregas

TRABALLA SEGURA

Campaña para reducir os riscos
laborais e enfermidades
profesionais das mulleres
do sector agrario



**Contacta co teu local
do Sindicato Labrego
Galego de referencia**



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



sindicato
labrego galego
comisións labregas

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que imos amosando nos Fouces), correspondéndose o quinto ao dereito a recursos naturais e desenvolvemento.

ARTIGO 5: DEREITO A RECURSOS NATURAIS E DESENVOLVEMENTO

1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito a acceder aos recursos naturais presentes na súa comunidade que sexan necesarios para gozar de condicións de vida axeitadas, e a utilizalos de maneira sostíbel, de conformidade co artigo 28 da presente Declaración. Tamén teñen dereito a participar na xestión deses recursos.

2. Os estados adoptarán medidas para que toda explotación que afecte aos recursos naturais que os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais manteñan ou utilicen tradicionalmente só sexa autorizada se, como mínimo:

- a) Se fixo unha avaliación do impacto social e ambiental.
- b) Se celebraron consultas de boa fe de conformidade co artigo 2, parágrafo 3, da presente Declaración.
- c) Se estableceron as modalidades para repartir de maneira xusta e equitativa os beneficios da explotación de común acordo entre quen explotan os recursos naturais e os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais.



ELECCIÓN ▶ Presentación ás candidatas/os da análise e propostas elaboradas polas organizacións da Coordinadora Europea Vía Campesina

Eleccións ao PE 2024: Regular os mercados para pór a soberanía alimentaria no centro da PAC

A actual PAC destrúe o campesiñado: 6 millóns de granxas desapareceron dende o ano 2009 e a media de idade é 57 anos

No Parlamento Europeo decídese o futuro do noso medio rural, tanto a nivel de produción de alimentos como de modelo de desenvolvemento. Dende o SLG somos conscientes de que é moi necesario trasladar ás nosas futuras parla-

mentarias e parlamentarios as medidas concretas dende Galiza, polo que o 24 de maio presentamos ante persoas candidatas e os medios de comunicación a guía política **Recomendacións de políticas da ECVC para as eleccións ao Parlamento Europeo de Xuño de 2024** e a lexislatura a seguir, canda análise executiva **Levar a regulación dos mercados ao centro da PAC**. Elaborado polas organizacións que integramos a Coordinadora Europea do movemento labrego mundial La Vía Campesina, estes dous documentos teñen como obxectivo de trasladar ás persoas candidatas aos próximos comicios comunitarios instrucións que permiten avanzar na soberanía alimentaria dos pobos europeos.

A gandeira e economista especializada en políticas agrarias no SLG-CCLL, Ana Rodríguez e o fruticultor e gandeiro en ecolóxico Xosé María Villaverde (ambos membros da Executiva Nacional do SLG) foron as persoas responsábeis de presentar publicamente na Galiza este documento, que en cada país da UE será trasladado, dende a adecuación á diversidade de realidades produtivas, ás formacións políticas que por cada territorio concorren aos vindeiros comicios europeos. Dende a Coordinadora Europea Vía Campesina consideramos que no actual contexto de levantamento labrego en toda Europa, no que as demandas de prezos e mercados agrícolas máis xustos e mellores condicións laborais se impoñen claramente, as vindeiras eleccións europeas deben permitir ás nosas e aos nosos responsábeis políticos organizar unha transición dos sistemas agrícolas e alimentarios baseada no dereito á soberanía alimentar.

As Políticas Agrarias Comúns (PAC) actual non teñen como eixo central as necesidades da cidadanía, senón os intereses das empresas. Os datos falan por si mesmos: en Europa hai hoxe ao redor de 9 millóns de explotacións agrícolas, mentres que no 2003 había 15 millóns; a actual idade media das persoas agricultoras é de 57 anos. “Os nosos problemas como persoas produtoras de alimentos están principalmente relacionados co modelo agroindustrial, orientado á exportación, que promove a concentración das unidades produtivas e a substitución das persoas labregas por operarias industriais, moitas veces en réxime de semiescravidade, e con abundante man de obra migrante precarizada”, esclareceu Xosé María García.

“Por iso o que queremos é unha transformación radical do modelo, e para acadar ese obxectivo dende o Sindicato Labrego Galego, ao igual que as demais organizacións integrantes da Coordinadora Europea Vía Campesina, facemos propostas de políticas que permitirían realmente facer unha transición agroecolóxica no camiño da soberanía alimentaria para os pobos europeos e, ao mesmo tempo, facer posíbel o relevo xeracional, non só das granxas que aínda sobreviven, senón tamén que sexa posíbel recuperar poboación labrega, pór en marcha granxas dende cero, cousa que a día de hoxe é unha heroicidade, cando non un milagre”.



Ana Rodríguez e Xosé María Villaverde en rolda de prensa o venres 24 de maio.

Articulamos en sete bloques 21 medidas precisas para operar esta transformación no modelo:

- 1) Garantir prezos viábeis e máis persoas agricultoras na UE. Precisamos máis labregas para posibilitar a transición cara á agroecoloxía; a adopción de políticas públicas que regulen os mercados agrícolas e o control da produción, redistribuír a produción a máis labregas e zonas en Europa e garantir o dereito a unha alimentación saudábel para toda a poboación.
- 2) Priorizar os alimentos locais e as necesidades das poboacións en troques das exportacións. Isto implica parar os tratados de libre comercio.
- 3) Manter unha regulación estrita de todos os Organismos Modificados Xeneticamente (OXM), incluídas as novas técnicas xenómicas, e facer cumprir os dereitos labregos sobre as sementes.
- 4) Facer do acceso á terra un tema prioritario das políticas públicas para garantir a integración de máis persoas agricultoras novas e a saúde do solo. A metade da superficie agrícola europea está en mans de só o 3% das granxas.
- 5) Mudar o paradigma das políticas climáticas cara a reducións directas de emisións e transición agrícola e evitar calquera mecanismo de crédito de carbono vinculado á terra.
- 6) Reequilibrar a presenza de explotacións gandeiras en todos os territorios europeos de aquí a 2035.
- 7) Incluír a implementación da Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos Labregos e Doutras Persoas que Traballan en Zonas Rurais (UNDROP) en todas as políticas públicas da UE en materia de alimentación e agricultura.

Nós propoñemos un cambio de rumbo. Hai que saír do paradigma actual para que a regulación dos mercados e dos prezos dos produtos alimentarios e agrícolas xustos e estábeis permitan que se poña en marcha unha transición planificada dos sistemas alimentarios europeos cara a unha reterritorialización e a creación de 10 millóns de granxas novas en Europa, condición *sine qua* non da soberanía alimentaria. Esta soberanía alimentaria inclúe a realización do dereito fundamental á alimentación, a democratización dos sistemas alimentarios, así como un cambio de rumbo a favor da solidariedade internacional. Esta debe ser a nova brúxula da Unión Europea do século XXI.

DÍA DAS LOITAS LABREGAS ▶ O 17 de abril as 182 organizacións de La Vía Campesina celebramos canda as nosas aliadas o Día Internacional das Loitas Labregas

17 Abril: Construamos solidariedade, unámonos pola Soberanía Alimentaria!

O conversatorio online do SLG-CCLL “Voces labregas que loitan pola terra”, un dos centos de actos que conmemoramos nesta data

O pasado mércores 17 de abril, as organizacións integradas na coordinadora global La Vía Campesina conmemoramos o Día Internacional das Loitas Labregas, unha xornada de acción global que nos reuniu para lembrar ás vítimas da masacre de Eldorado do Carajás (Brasil) en 1996 e pór en valor a resistencia do campesiñado en todo o mundo e a nosa loita pola xustiza social e a dignidade.

Conversatorio online 17A

Multitude de accións reivindicativas e eventos tiveron lugar ao longo dos case un cento de países onde La Vía Campesina ten presenza a través das súas 182 organizacións integrantes. Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) desenvolvemos o espazo “Voces labregas que loitan pola terra”, un conversatorio online no que demos a coñecer experiencias de loita na Galiza fronte ao acaparamento de terras e a depredación de recursos no medio rural.

A moderación deste espazo de diálogo e posta en común correu a cargo da gandeira e produtora de fabas de Lourenzá Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, e contou coa participación de María Osorio -gandeira de Becerreá en loita contra os macroparques de eólicos-, Henar Román -gandeira de Abadín en loita contra megaminería contaminante-, Manuel García -la-

brego da Limia en loita contra a agroindustria-, Ada Blanco de Casa Bértolo de Friol -loita contra a macrocelulosa Altri-, Lidia Senra -labrega de Vedra en loita contra o acaparamento de terras con viñedos- e Xosé María García -labrego de San Sadurniño en loita contra a eucaliptización-.

Loita labrega

O 2024 comezou coas masivas protestas en Europa, Asia e outras partes do mundo contra políticas agrícolas lesivas para o campesiñado.

Estas manifestacións non se limitan a buscar prezos xustos e unha vida digna para as persoas produtoras de alimentos, senón que tamén expresan a necesidade dunha sociedade orientada cara a un futuro onde prevaleza o modelo de produción agroecolóxico sobre as prácticas destrutivas do agronegocio e que se garanta a xustiza social e a dignidade de todas e todos.

As nosas loitas campesiñas, arraigadas fondamente nos principios da Soberanía Alimentaria, procuran establecer un sistema inclusivo que promova as economías rurais e os medios de vida das persoas labregas. Recoñecendo a Soberanía Alimentaria, a Agroecoloxía Campesina, o acceso popular á terra, ao territorio e aos bens comúns como solucións xenuínas ás crises globais.

O movemento labrego global a La Vía Campesina (LVC) avogamos pola implementación da Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Campesiñado e outras Persoas que Traballan en Zonas Rurais (UNDROP), -explicación na pá-



Cartaz do Día Internacional das Loitas Labregas (#17Abril) de La Vía Campesina.



Cartaz do conversatorio online do 17 de abril do SLG.

xina anterior- un instrumento internacional crucial para abordar as crises multifacéticas que enfrontamos o campesiñado.

Por iso, demandamos o establecemento dun novo marco de comercio internacional baseado

na cooperación e a Soberanía Alimentaria para desafiar o sistema de comercio neoliberal que perpetúa a fame.

Foro Mundial Nyéléni en 2025
Ademais, doutra banda, estamos a prepararnos para o próximo Foro Mundial Nyéléni no ano 2025, que convocará o movemento internacional a prol da

Soberanía Alimentaria co fin de enfrontarmos os desafíos da fame e a pobreza mediante o avance do desenvolvemento e o fortalecemento das economías locais.

PLANTÁMONOS ▶ Ante a crise actual da agricultura, o movemento avoga pola defensa da soberanía alimentaria, baseada no coidado das persoas e os ecosistemas

O movemento Plantámonos reclama unha transición agroecolóxica xusta e urxente

Plantámonos reivindica a necesidade dunha transición agroecolóxica urxente que favoreza e apoie á agricultura familiar e social

No día de loitas globais campestres, 17 de abril, lideradas por La Vía Campesina, o movemento estatal Plantámonos do que formamos parte máis de 50 organizacións, reclamou a necesidade de apostar por unha transición urxente cara a métodos de produción agroecolóxicos, sostíbeis e diversificados, baixo proxectos familiares prósperos e a pequena escala.

Reivindicamos, á súa vez, un sistema agroalimentario en mans das persoas labregas e consumidoras, que non estea dominado polo poder da industria agroalimentaria, os grandes supermercados nin os lobbies da agroindustria. As persoas consumidoras queren poder acceder facilmente a alimentos sans, producidos de forma xusta e sostíbel.

Este modelo agroecolóxico, que responde aos retos sociais e ambientais actuais, busca tamén a preservación da biodiversidade e a paz con xustiza social, solucións labregas á crise alimentaria e climática que se vive no Estado español e noutros lugares do mundo. Ante esta transición, tamén consideramos imprescindible o acceso á terra, prezos xustos para as produtoras e as consumidoras, a promoción da agroecoloxía e as sementes campestres e a defensa da soberanía dos pobos.

A diminución do número de persoas labregas, o aumento da superficie das granxas de gran tamaño e a diminución do pe-



Mobilización da coordinadora estatal "Nos Plantamos", da que o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas forma parte, durante o cumio de ministros e ministras de agricultura da UE celebrado en setembro do ano pasado en Córdoba.



A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, nun momento da intervención no vídeo.

queno e mediano tamaño ou a distribución desigual das axudas da PAC, mostran a realidade dun modelo imperante no Estado: unha agricultura sen persoas labregas, dominada polos mercados, os acordos de libre comercio, e normas e políticas a medida da agroindustria, que deixa atrás a agricultura familiar e social baseada na agroecoloxía.

Sistema industrial

Este sistema agroalimentario industrial segue provocando a perda de poboación rural, de

agricultura familiar e social, e a falta de substitución xeracional. Tamén supón consecuencias ambientais graves, como o aumento da contaminación das augas pola agricultura intensiva e a perda de biodiversidade.

A isto súmase o impacto da crise climática e de biodiversidade sobre a agricultura de pequena e mediana escala, con perdas de até o 80 % segundo o cultivo.

A agricultura familiar no Estado español alberga o 82 % das granxas agrarias, e é fundamental para a cohesión social no

mundo rural, para o coidado da biodiversidade agraria que produce alimentos sans e sostíbeis, e para o desenvolvemento do modelo agrario socialmente xusto e sostíbel. Sobre esta agricultura deben centrarse o desenvolvemento de sistemas alimentarios sostíbeis e resilientes ante a crise ecosocial, climática e de biodiversidade.

Por iso, dende as organizacións que conforman La Vía Campesina, así como dende Plantámonos, lembramos a importancia de apoiar ás granxas familiares e sociais a pequena escala cara a unha transición máis sostíbel e xusta dende un enfoque social, ambiental e económico que fortaleza a soberanía alimentaria.

No seguinte enlace pódese visualizar o vídeo Día das Loitas Labregas 2024 en youtube coa participación da gandeira e produtora de fabas de Lourenzá Isabel Vilalba Seivane, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisión Labregas.

<https://goo.su/Ks6VDJ>

Axudas a persoas autónomas para a contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas

Aberto o prazo até o 30 de setembro do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas. O obxectivo da convocatoria é incentivar a contratación indefinida inicial e á formación de

persoas desempregadas realizadas polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio fiscal na Galiza. Para máis información, contacta co local do Sindicato Labrego da túa zona (código de procedemento **TR349F**).

Axudas ao emprendemento (para persoas autónomas)

Aberto o prazo até o 28 de xuño das subvencións ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluíndo cooperativas

e sociedades laborais e mutualistas (código de procedemento **TR880A**). Para máis información, contacta co teu local do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

Axudas PAC 2024

Convócanse as axudas da PAC do ano 2024 mediante a Orde do 27 de febreiro (DOG número 49 do 8 de Marzo) para pagos asociados, ecorréximes, zonas con limitacións naturais e axudas agroambientais (códigos

de procedemento **MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D**). Ampliación do prazo de solicitude aberto até o 15 de xuño. Para máis información, contacta co teu local do SLG.

Axudas á reposición de animais

Aberto o prazo até o 29 de novembro das axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrú que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas granxas rexistradas na Galiza en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras o diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actua-

ción sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación (código de procedemento **MR550A**).

Axudas por indemnización por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o prazo até o 29 de novembro das axudas por indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia,

loita, control e erradicación das súas enfermidades (código de procedemento **MR553C**). Para máis información, contacto co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Compensacións complementarias por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o prazo até o 29 de novembro das axudas de compensacións complementarias en granxas de gando bovino, ovino e cabrún: Período de postautorización á reintrodución (código de procedemento **MR553B**); e das

axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: Período de baleiro (código de procedemento **MR553A**). Para máis información, contacta co teu local do SLG-CCLL.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636 705 285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndense

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635 503 763

Véndense

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes.
☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas
☎981 446 501 (Rosa ou Javier)

Véndese ou alúgase

-Finca de 2ha, terreo de labradío, no lugar de Galan, Laro Ten bo acceso a 400m do empalme de Laro Ten auga
☎677 461 844

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese ou alúgase

-CASA con 2 naves e 14 has de terreo en Outeiro de Rei. (José Antonio)
☎982 060 865

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Tenias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo (Lugo)
☎653 641 823

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousin (pais con carta) A 10km de Lugo
☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55 funcionando en Figueiras (Mondoñedo) (Lisardo)
☎622 343 498

Véndese

-Segadora Marca CAMON
☎690 77 45 65

Véndese

-Vacas por xubilación. Rubia Galega, mansiñas e con cría, algunhas delas marcadas na CRUGA
☎676 196 243

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300 L monofásico e lavado automático
-Cisterna bebedoiro de fibra con bomba de carga
☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase con dereito a compra, nave de 1400m2 a 25 km de Santiago. Prezo interesante
☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Tanque de frío de 200 litros
☎662 323 867 (Manuela)

Véndese

-Encintadora marca Supertino tipo Abs 15 do ano 98.
☎607 57 77 81

Véndese

-Rotovator marca Masqui de 2,5 mts de ancho con rodillo hidráulico, con barras helicoidales
-Vertedera marca Overum, de tres palas
-Cultivadores de 2,7 mts de ancho
☎650 019 275 (Zona da Limia)

Véndese

-Rotoempacadora class rollant 46
-Segadora rotativa class 2700
-Encintadora alz (Zona de Castrovirde)
☎617 65 53 20

Véndese

-30 vacas de leite (por separado)
-Tractor john deere 6330 (Monfero)
☎666 861 530

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Tractor Pascual con remolque e arado Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Véndese ou trócase

-Véndese autocargador ou trócase por maquinaria ou animais
☎689 752 400

Véndese

-Vacas de leite e becerras de recría na zona de Meira
☎680 870 957

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
☎626 686 509 (Zona de Portomarín)

Véndese

-Microsilos de millo (rulos) no concello de Ordes.
☎650 149 217

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Tractor agrícola (marca LAMBORGHINI). Modelo 1050 VDT (Zona de Allariz)
☎988 44 02 57

Véndese

-Arado de vertedera (marca Ebro de 2 palas)
☎650 019 275

Búscase

-Peón agro-gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero
☎646 878 067

Búscase

-Peón agrícola para granxa de leite en Monfero
☎646 626 492

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

Por xubilación:
-Tractor New-Holland 6080 grade rotativa
-Feraboli 3m de traballo
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores Alfa-Laval
-Tanque de frío do leite de 1000l
-Xerador de corrente de 32 cadeas para tractor (Antonio Ríos Castiñeiras, de Trazo)
☎696 818 012

Véndese

-Autocargador SAJ19 concello de Vilarmajor (A Coruña)
☎699 446 062

Véndese

-Rolos de herba seca e/ou silos.
Zona de As Nogais (David)
☎600 81 96 73

Véndese

- 50 ovellas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese

- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovo
- Arrastrador con batería (150€)
☎606 508 189
(Miguel, Lánacara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese

-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e aceptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Autocargador con rodas anchas e tambores grandes. Interesados preguntar por Beatriz Manteiga López (Zona Oza - Cesuras)
☎648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Coche Peugeot 309 do ano 90. ITV até xaneiro do 2025
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Vacas de carne (8 cabezas) por peche da granxa (Monfero)
☎659 418 563

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio).
☎680 385 068 (Ordes)

Véndese

-Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados.
(Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese

-Grupo halóxico para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir) ☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Lánacara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Grade de discos de 16
-Unha desinsiladora (Zona de A Pastoriza)
☎649 310 981

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes. ☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Viño do país e barrantes tinto e branco
☎986 68 94 86

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829
(José Antonio)

Véndese

-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor.
Zona de Melide
☎651 99 55 03

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908
(Monfero)

Véndese

-Tractor John Deere de 82 CV e dobre tracción en bo estado
☎647 916 031 (José)

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816
(Pilar)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanás)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Ante a confirmación da Consellaría de Medio Rural da solicitude ao Ministerio de Agricultura da destilación de crise para a Denominación de Orixe Ribeira Sacra, dende o Sindicato Labrego lembramos que levamos anos advertindo de que o rumbo desta DO non era o correcto se o que queremos é un medio rural no que haxa viticultoras e viticultores e adegas con viños de calidade. Mesa de traballo, plan de promoción na Galiza e abandonar a autorización de macroplantacións, entre as accións necesarias.

Medidas de protección para as persoas viticultoras

O Sindicato Labrego Galego estivo falando con viticultores e viticultoras, co Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e temos solicitada entrevista coa nova titular da Consellaría do Medio Rural para abordar con urxencia a cuestión da confirmación da CMR da solicitude ao Ministerio de Agricultura da destilación de crise para a Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

A día de hoxe non hai contratos asinados nin compromisos de compra por parte das adegas que máis uvas recollen na Denominación de Orixe. Se non hai recollida de uva este ano, vai ser un gravísimo problema porque as viñas van quedar abandonadas con todo o que iso implica para a economía da zona, e non só para o sector vitivinícola.

Observamos con preocupación que ademais as iniciativas presentadas pola Consellaría do Medio Rural -incluída a destilación de crise- non garanten o mantemento na zona de viticultores e viticultoras, as grandes esquecidas neste tipo de medidas, obviando que na Ribeira Sacra non só estamos xogándonos o futuro do sector vitivinícola, senón tamén do noso modelo territorial e de produción de alimentos, xa que toda a promoción da zona faise en base a un cultivo da vide en bancais que desaparecerá se non hai persoas viticultoras que traballen neles.

“A destilación de crise ten que garantir a recollida da uva e o mantemento do prezo: non



Na Ribeira Sacra non só estamos xogándonos o futuro do sector vitivinícola, senón tamén do noso modelo territorial e de produción de alimentos

podemos permitirmos a desaparición de viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra. Non se pode estar constantemente botando a culpa ao Ministerio de Agricultura sobre temas dos que é responsábel a Consellaría do Medio Rural. Se a valoración que ten a Consellaría e o sector é a necesidade dunha destilación de crise, con todo o que iso implica, haberá que poñelo enriba da mesa e facer que sexa posíbel aquí como o foi noutras zonas vitivinícolas do Estado”, asevera Ana Rodríguez, representante do Sindicato Labrego Galego en Chantada e economista especializada na Política Agraria Común (PAC).

Para isto a Consellaría debería confirmar se está disposta a poñer fondos propios para esta medida, tal e como fixeron outras comunidades autónomas o ano pasado para as súas destilacións de crise, así como aclarar se ten a certeza -ou tan sequera consultou co Ministerio- de que a Comisión Europea contempla abrir este ano a destilación de crise tal e como se fixo para a campaña no ano pasado no regulamento delegado (UE) da comisión do 22 de xuño de 2023.

“O que nos preocupa é que, logo de levarmos tempo advertindo da problemática dos excedentes, agora a Consellaría anuncie esta medida e logo, unha vez iniciada a campaña, se non se adopta, lle bote a culpa ao Ministerio e aí remate a súa intervención, abocando ás viticultoras e viticultores a afrontar unha situación grave, que levaría ao peche de moitas adegas galegas”, expresa Rodríguez.

MEDIDAS NECESARIAS

Dende o Sindicato Labrego Galego instamos á Consellaría a activar medidas que impliquen realmente apostar por unha viticultura de calidade e uns prezos da uva que compensen para seguir producindo. Entre as actuacións a activar de xeito inmediato urximos a adoptar as seguintes:

1. Creación dunha mesa de traballo entre todas as partes implicadas para analizar e poñer en marcha todas as medidas dispoñíbeis e posíbeis.
 2. Un plan de sensibilización e de visibilización dos viños tintos galegos na nosa propia comunidade autónoma.
 3. Que a Administración galega non permita a instalación de macroplantacións en zonas nas que tradicionalmente non existía viño.
- É preciso protexer xa as zonas de viticultura tradicionais e ás nosas viticultoras e viticultores.